

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 24 DE ABRIL DE

2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e catro de abril de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre, do PP, e don José Manuel Lemos Seoane, do PSdeG-PSOE.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2014.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezaseis concelleiros que están hoxe presentes e asistiron á citada sesión, aprobou o borrador (catro concelleiros do PP, catro do PSdeG-PSOE, tres de UxC, dous de EU, un do BNG e dous do GM).

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de aprobación do expediente núm. 1/2014 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 15 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 22 de abril de 2014.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata do primeiro expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores deste ano, por valor de case 22000 euros, correspondente a facturas presentadas no último trimestre do 2013 ou no primeiro do 2014.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster na votación coa intención de que os terceiros que teñan realizado o seu traballo poidan cobrar, pero reprocha ao equipo de goberno a aprobación dunha factura correspondente á redacción dun proxecto na Barcala sen terse sometido ao procedemento regulado na lei, isto cando o grupo agora no goberno criticou esas actuacións no pasado.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que van votar en contra da proposta se non se retira a factura de Ecozertum pola elaboración do proxecto de reforma dun local comercial sen uso na Barcala, xa que se trata dun proxecto non se sabe para que, que se fixo sen ningún tipo de contrato e cunha empresa de dous coñecidos do concelleiro que non está hoxe presente, don Felipe Andreu Barallobre.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo vaise abster, porque con independencia da forma de contratación e de que esa factura teña un informe desfavorable de Intervención nese sentido, é un proxecto que está feito e cren que a empresa debe cobrar o traballo.

No mesmo sentido que o PSdeG-PSOE consideran que este tipo de cuestións son as que afean a xa pésima xestión que se está facendo nesta lexislatura.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que se non se retira da proposta a aprobación desa factura que segundo o informe de Intervención é ilegal, o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe explica que a factura obxecto de conflito refírese á elaboración dun proxecto para a reforma duns locais sen uso que hai na Barcala. O proxecto encargouse co obxecto de que estea preparado cando haxa algún tipo de subvención para acometer esa obra e consiste nun viveiro de empresas. Divídese en 19 caixas ás que se dotará dun uso concreto cando se desenvolva o dito proxecto.

Considera que unha mala xestión sería non ter proxectos preparados cando chegan as subvencións e explica que o custo previsto inicialmente era de 3000 euros, que se viron incrementados por sucesivas modificacións ata acadar os 5142, o que supón que só se supera en 142 euros o límite establecido para que non se necesite procedemento de contratación.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que lle sorprende que agora estea definido o uso do local, cando o martes nas comisións informativas non o tiñan claro.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño expón que viron o proxecto e que poñía sen uso, en todo caso dálles a en hora boa por ter un proxecto para cando veñan as subvencións, pero, non obstante, pide que se sigan os trámites legais.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe explica que 19 box sen uso é un concepto técnico, non quere dicir que o proxecto non tivera un uso determinado. En todo momento ela dixo que o local era de uso comercial.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Votan en contra os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente número 1/2014 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2014 por importe de 21983,62 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. Factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
Concepto factura				
004-2013	07/08/2013	B70301486	ECOZERTUM CONSULTING, S.L.	5.142,50
HONORARIOS REALIZACIÓN PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA LOCAL COMERCIAL SEN USO				
3/2013	15/11/2013	32755149K	TRABA VELAY JOSE MARIA	180,00
HONORARIOS COLABORACIÓN GUÍA "SEMANA MICOLÓXICA CAMBRE 2012"				
2014/01	10/01/2014	32414350J	CASTRO MARCOTE JOSE MANUEL	180,00
HONORARIOS PONENTE XXII SEMANA MICOLÓXICA CAMBRE 2013				
A2013549395	26/12/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.223,99
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TABEAIO, 69-A: DO 28/12/12 AO 27/03/13				
A2013548264	26/12/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.578,74
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A ABRIGOSA, 2-A: DO 28/12/12 AO 27/03/13				
A2013549547	26/12/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.814,11
SUBMINISTRACIÓN AUGA A TABEAIO 54-A: 28/12/12 A 27/03/13				
03/2014	17/01/2014	33179259B	AMEIXEIRAS MARRA PILAR	95,47
SUBMINISTRACIÓN MATERIAL C.F.O. SOLDADURA XIV PLAN DE FORMACIÓN				
02/2014	17/01/2014	33179259B	AMEIXEIRAS MARRA PILAR	15,76
SUBMINISTRACIÓN MATERIAL C.F.O. SOLDADURA XIV PLAN DE FORMACIÓN				
3130510279273	25/05/2013	B82207275	UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.	622,07
SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA A W.F.FLÓREZ, 1 (MUSEO): DO 15/03/13 AO 23/05/13				
26208415	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	112,53

DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN "A TIXOLA POLO MANGO" 15/11/2013 LOCAL A XUVENTUDE (REDE CULTURAL 2013)				
26208418	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	60,50
DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN "GO ONI!" (29/11/2013) LOCAL A XUVENTUDE (REDE CULTURAL 2013)				
26208420	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	99,83
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN CANTIGAS DA TERRA 16/08/2013 EN AUDITORIO PARQUE DA IGREXA (REDE CULTURAL 2013)				
26208421	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	63,53
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN GRUPO MANICÓMICO 16/11/2013 EN CETRO SOCIOCULTURAL O GRAXAL (REDE CULTURAL 2013)				
26208423	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	52,50
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN PABLO BALSEIRO 30/08/2013 EN AUDITORIO PARQUE DA IGREXA (REDE CULTURAL 2013)				
26208424	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	5.263,50
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "LOS SUAVES, BARÓN ROJO, TREGUA, RULO Y LA CONTRABANDA, THE ZIPPER Y EMBORA, EN ROCK IN CAMBRE 2013"				
26208427	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	272,25
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "CULTURACTIVA RUACTIVA" 09/08/2013 EN AUDITORIO PARQUE DA IGREXA (REDE CULTURAL 2013)				
26208428	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	99,83
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN CORO CANTABILE 21/09/2013 EN CENTRO SOCIOCULTURAL O GRAXAL (AXENDA DE VERÁN 2013)				
26208429	15/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	45,38
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN ENTRELÁS 14/09/2013 (AXENDA CULTURAL VERÁN 2013)				
26308300	29/01/2014	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	24,20
DEREITOS DE AUTOR OBRA "CONTOS DA VÍA LÁCTEA" (08/11/13): CENTRO SOCIOCULTURAL O GRAXAL				
01130710595606	13/07/2013	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	101,36
SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA ALUMEADO PÚBLICO PASEO MARÍTIMO 0021FT: DO 12/06/13 AO 11/07/13				
01130710576569	13/07/2013	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	155,51
SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA ILUMINACIÓN PÚBLICA TRVA. IGREXA 0008: DO 12/06/13 AO 11/07/13				
5	21/03/2014	15946908L	GARCIA CORES JOSE ANTONIO (MULTISERVICIO)	14,52
REALIZACIÓN COPIA CHAVE SEGURIDADE CENTRO 3ª IDADE CAMBRE				
000256144	21/11/2013	A28672764	XYLEM WATER SOLUTIONS ESPAÑA	1.998,88
ARRANXO BOMBEOS BRIBES, MESÓN VASCO E SOBREGUEXE				
A/7331	30/11/2013	32670385N	PIÑÓN BARRO BEATRIZ (OFILINK)	293,55
SUBMINISTRACIÓN MATERIAL OBRADOIRO DE EMPREGO: ATENCIÓN SOCIOSANITARIA				
4	21/03/2014	15946908L	GARCIA CORES JOSE ANTONIO (MULTISERVICIO)	22,99
SUBMINISTRACIÓN PILAS E 3 CHAVES ACERO LOCAL BRIBES-NEBRIXE "O BOSQUE"				
1/2013	30/12/2013	H15576044	COMUNIDAD PROPIETARIOS RIO BARCES 1-7	18,48
COTA PROPORCIONAL SEGURO E DERRAMA ARRANXO TELLADO E LIMPEZA CANALÓNS ANO 2013 CC.PP. RÍO BARCÉS,1,3,5,7 (BAIXO LOCAIS ENSAIO, LUDOTECA..)				

1/2013	30/12/2013	H15576036	CC.PP. RIO GANDARA, 2-4-6 (MANZANA 4)	301,07
COTA PROPORCIONAL SEGURO XUÑO/12 A MAIO/13 E DERRAMA ARRANXO TELLADO ANO 2013 CC.PP. R/RÍO GÁNDARA 2-4-6 (BAIXO BIBLIOTECA MUNICIPAL A BARCALA)				
1/2013	30/12/2013	H15576002	CC.PP. RIO SIL, 3-4 - RIO MIÑO, 6	1.130,57
COTA PROPORCIONAL SEGURO E DERRAMA ARRANXO TELLADO ANO 2013 CC.PP. R/RÍO SIL, 3-4 E R/ RÍO MIÑO, 6 (BAIXO LOCAL CRUZ VERMELLA E BANCO ALIMENTOS)				
Total				21.983,62

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.

2.2. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 1 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 22 de abril de 2014.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que enviaron o texto desta ordenanza á Xunta para o seu visado, e dende a Xunta pedíronlles que se modificaran unha serie de artigos, fundamentalmente por cuestións de literatura e para mellor entendemento, por iso traen esta proposta a pleno.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que por terceira vez nos últimos seis meses, e esta vez fóra de prazo, traen a pleno modificacións desta ordenanza, nalgún caso modificacións das modificacións feitas no seu día, por exemplo o artigo 9.1.

Sen entrar a insistir na falta de compromiso do Goberno municipal coa busca dunha redución da carga económica que supón para os usuarios este servizo, o que si piden ao Sr. alcalde é que coa mesma lealdade que acata as directrices da Xunta, faga o mesmo coas decisións que sobre esta materia adopta a Corporación en pleno.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo vaise abster, e pregunta polas consecuencias de presentar estas modificacións fóra de prazo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel contesta que o atraso foi debido ao volume de traballo existente no Departamento de Servizos Sociais, pero que consultado coa Xunta dixéronlles que por un mes non pasaba nada.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar nos seus artigos 7, 9, 11, 14, 15 e 19, que quedan redactados integramente tal e como se transcriben a continuación:

“Art. 7 Deberes das/os auxiliares de axuda no fogar

1. O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario e a súa familia interfiran no seu traballo.
2. Respetar a confianza do usuario e gardar a debida confidencialidade.
3. Non acudir ao lugar de traballo acompañada de persoas alleas ao servizo.
4. Non se poderá recibir en custodia diñeiro, xoias nin obxectos de ningún tipo.
5. Non recibir ningún tipo de prestación ou bonificación por parte do usuario ou familiares do servizo de axuda no fogar.
6. Non realizar tarefas domésticas que non foran incluídas no proxecto de intervención.
7. Non se dispoñerán de chaves de ningún domicilio salvo autorización por escrito do usuario/a e comunicación previa ao responsable técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.
8. En caso de ausencia as/os auxiliares de axuda no fogar deberán poñelo en coñecemento do seu responsable directo coa maior brevidade posible, sempre que sexa posible, para poder facilitar a súa substitución co fin de evitar a non prestación do servizo aos seus usuarios/as.

Art. 9 Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo da tramitación do correspondente expediente, e informe razoado do persoal técnico municipal coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para os usuarios de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para os usuarios de dependencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do

sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Art. 11 Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico titulado mínimo a xornada completa
50 a 99	1
100 a 199	2
200 a 399	3
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico titulado a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade e regulado no Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, no que se regula o título de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Cambre, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos:

- a. Un informe social asinado por unha traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo I desta ordenanza.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Cambre e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 14 Lista de espera

1. Con carácter xeral, no caso de que o servizo de axuda no fogar na súa modalidade de acceso por libre concorrencia, non conte con capacidade suficiente para atender todas as

situacións de necesidade, elaborárase unha lista de espera á que se accederá pola orde de puntuación acadada nos baremos aplicados, priorizando sempre as persoas valoradas con déficit de autonomía para a realización das tarefas da vida diaria.

2. En caso de obter a mesma puntuación, na súa modalidade de acceso por libre concorrencia, terá prioridade a data máis antiga do rexistro de entrada municipal.

En todo caso quedarán en lista de espera aquelas solicitudes na súa modalidade de acceso por libre concorrencia que non se poidan cubrir por falta de crédito orzamentario.

3. No caso de ser persoas valoradas por dependencia terase en conta a data da resolución do Plan Individual de Atención (PIA).

4. Se o solicitante na súa modalidade de acceso por libre concorrencia superase o ano na lista de espera, antes de proceder á alta no servizo, será obxecto dunha nova valoración da situación.

Art. 15 Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello. O tempo de atención ás persoas usuarias poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais ou familiares, e pola dispoñibilidade dos medios do servizo.

Art. 19 Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo do servizo do SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 IPREM	60%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2.3. Proposta de modificación do acordo regulador núm. 5 do prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais

Vista a proposta conxunta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación e da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 14 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 22 de abril de 2014.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que é o mesmo que no caso anterior, agás que neste caso afecta ao acordo regulador do prezo público.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, como dixo anteriormente, este acordo xa foi modificado en xullo e novembro do ano pasado.

Sinala que cotexando as táboas da tarifa 1 (usuarios dependentes) e 2 (en libre concorrència) resulta que hai usuarios dependentes que van cobrar menos que usuarios en libre concorrència cunha capacidade económica per cápita igual ou inferior ao 150% do IPREM.

Pon como exemplo un usuario dependente con capacidade económica do 150% que por 20 horas de servizo pagará o 5,55%, mentres que por 21 horas pagará 11,79%. Comparativamente un usuario que accede en libre concorrència, co mesmo IPREM, pagará menos, un 10% segundo a táboa 2.

Di que esta proposta nace viciada, xa é a terceira vez que se trae a pleno, e se o que queren é modificar a ordenanza para facela máis garantista pídelle que teñan a valentía política necesaria e comecen por modificar o que verdadeiramente hai que modificar, que é o prezo por hora de servizo, para que os usuarios do servizo, especialmente os dependentes, paguen menos.

Conclúe dicindo que a proposta do Goberno non a apoian.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que se van abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que se absteñen.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel explica que non é o Goberno municipal quen establece os prezos e tantos por centos. En Cambre vaise aplicar o tanto por cento mínimo do que permite a Xunta, por exemplo, se establecen un tramo entre o 10% e o 30%, en Cambre vaise aplicar o 10%, e así en todos os tramos. O mínimo que poden aplicar.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que sabe que non se poden modificar as porcentaxes das táboas, pero que o prezo por hora de servizo establécese dende a Administración Local, son os municipios os que fixan ese prezo, e iso é o que eles piden que se modifique, non as porcentaxes que xa saben que non se poden tocar.

O Sr. alcalde lembra que estas táboas xa foron aprobadas en pleno e isto trátase dunha simple modificación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Votan en contra os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do texto do acordo regulador núm. 5 de prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais segundo se transcribe a continuación:

Modifícase o artigo 4^o do presente acordo regulador, quedando como segue:

“Artigo 4º. - Reducións.

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

O servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência prestarase de forma gratuíta naqueles casos nos que a capacidade económica resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).”

Modifícase o artigo 5º do presente acordo regulador, quedando como segue:

“Artigo 5º. – Contía.

1.- A contía do prezo público a aboar polos usuarios do servizo de axuda no fogar determinarase aplicando as seguintes tarifas:

1.1.- Tarifa 1. Para a determinación da contía a aboar, pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (Referenciada ao IPREM) ata	Grao I	Grao II	Grao III
	Menor ou igual a 20 horas	Menor ou igual a 45 horas	Menor ou igual a 70 horas
100%	0,00%	0,00%	0,00%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16%	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
Superior ao 500%	6,76%	14,36%	21,97%

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Plan Individualizado de Atención (PIA), ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do servizo de axuda no fogar (SAF), con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso o importe da participación económica a ingresar pola persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder do 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

1.2.- Tarifa 2. Para a determinación da contía a aboar, pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas que non teñan recoñecida a situación de dependencia, ou as que non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención e dependencia segundo o calendario de implantación que establece a Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa, que establece unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita.

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 do IPREM	0,00%
Maior do 0,80 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	10,00%
Maior do 1,5 e menor ou igual a 2 do IPREM	20,00%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 do IPREM	40,00%
Maior de 2,5	60,00%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

2. Para os efectos do previsto no apartado anterior, a capacidade económica das persoas usuarias calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio, tal e como está definido no decreto 99/2012, na ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, e demais normativa que resulte de aplicación.

Os servizos sociais do concello realizarán a revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar. No caso das persoas usuarias dependentes valoradas esta revisión realizarase de conformidade co establecido no artigo 18 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro.

3. De acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo o Pleno poderá fixar prezos públicos que non cubran o custe do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de protección social (artigos 49 e 50)."

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no *Boletín Oficial da Provincia* segundo o disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: Os presentes acordos entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

2.4. Aprobación, se procede, dos proxectos a incluír no Plan "DTC 93. Unha deputación para todos os concellos"

O Sr. alcalde informa que este punto queda sobre a mesa para dar tempo a estudar a documentación presentada.

2.5. Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora do servizo da Rede de bibliotecas municipais do Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo do día 9 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo do día 22 de abril de 2014.

Vista a emenda presentada polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo do día 23 de abril de 2014.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, explica que tendo en conta as suxestións que se fixeron tras as comisións informativas por varios dos grupos, e tendo en conta o atraso con que se fixeron algunha delas, propón que se deixe sobre a mesa o asunto para poder estudalas detidamente.

A proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo, o Sr. alcalde manifesta que este asunto queda sobre a mesa para un próximo pleno.

2.6. Adquisición dos terreos e instalacións do campo de fútbol “Os Pinares” propiedade do Brexo Lema S.D.

Vista a proposta da Alcaldía do día 21 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 22 de abril de 2014.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, felicita á familia do Brexo Lema polo traballo desenvolto nestes últimos meses para garantir, da man do Concello de Cambre, o futuro do club. Tamén di que sente a demora na solución deste problema que leva dous anos de negociacións.

Felicita ao Brexo Lema polo acordo, aínda que máis que un contrato negociado entre ambas partes, están ante o que xuridicamente se chama un contrato de adhesión, unha modalidade de contrato na que os seus termos xerais establécense moi unilateralmente por unha das partes, neste caso polo Goberno municipal. Ao Brexo Lema só lle queda aceptalos, isto é, tragar co que se lle pon á súa disposición, en resumo, ou firmas ou quedas sen nada.

En opinión do seu grupo o Goberno municipal ten actuado dun xeito intransixente, sacando partido do estado de necesidade que está a sufrir o Brexo. Cando no pleno ordinario de decembro pasado o Sr. alcalde manifestaba que o Brexo Lema lle tiña proposto, e así consta na acta dese pleno, un borrador de convenio que cualificou de draconiano, que favorecía só ao club, coa proposta de acordo que trae hoxe a

aprobación do pleno demóstrase que o verdadeiro dracón é el. É o Sr. alcalde o que impón, dende a fortaleza da súa posición institucional, a severidade no trato, incluso el falaría directamente de maltrato, ao Brexo Lema. Lendo a súa proposta o certo é que ten convertido o acordo nun acto de fe. O Brexo cede a súa propiedade a cambio da promesa de que no ano 2016 o Goberno municipal existente daquela lle constrúa un campo de herba artificial, e no ano 2019, o resto das instalacións. E todo iso sen ningún compromiso orzamentario firme, sen ningún compromiso financeiro que avale estas obras, sen cartos enriba da mesa. Como dicía antes, están diante dun verdadeiro acto de fe.

Continúa dicindo que, de todos os xeitos, o grupo municipal dos socialistas de Cambre non vai ser un obstáculo. Manifesta o seu respecto ao pacto acadado e, como non pode ser doutro xeito, a súa disposición a apoialo. Pola súa parte queren facer chegar a socios, xogadores e directiva do Brexo o seu máis firme compromiso, actual e futuro, de vixiar e esixir do Goberno municipal o cumprimento preciso e exacto, en todos os seus termos, da proposta que hoxe se trae a aprobación.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles tamén queren comezar felicitando á xunta directiva do Brexo Lema pola súa perseveranza, pola súa constancia, xa que levan máis de dous anos loitando por algo que el cre que se merecían hai xa moito tempo, pola defensa dos intereses do Brexo Lema.

Queren protestar pola forma en que este Goberno xestionou este convenio, polo tempo que fixo perder a moita xente, sobre todo aos da xunta directiva do Brexo Lema. Tamén pola falta de información á oposición, porque ata o martes pasado non lles deron os últimos documentos, incumprindo o Regulamento orgánico municipal que di que todos os documentos teñen que estar á disposición da oposición dende o momento en que se convoca o pleno, e iso non foi así. Reitera que foi o martes pasado cando lles deron a última información respecto do convenio.

O problema non é o campo do Brexo Lema en concreto, que neste caso si que o é, o problema é que nin o Sr. alcalde nin o seu goberno ten unha política municipal de deportes, e ese é un problema para todos os veciños e veciñas de Cambre, porque hoxe aproban un convenio que eles cren podería mellorarse moito e ser mellor para o Brexo Lema, ser mellor para os veciños de Brexo Lema, ser mellor para os veciños de Cambre en xeral, pero para iso o Sr. alcalde tiña que ter definida ou consensuada co resto dos grupos unha política municipal de deportes, global, que non a ten, nin a vai ter porque non quere consensuar absolutamente nada.

Continúa dicindo que, aínda que con todo iso, eles esperan que quen vaia ter que xestionar este convenio a partir do 2015 ou 2016, non sexa o actual alcalde, porque daquela o Brexo Lema seguramente non terá o céspede de herba artificial, esperan que non sexa el.

Conclúe dicindo que eles van votar a prol do convenio e esperan tamén que no Plan xeral contemplan todos ampliar a zona de dotación deportiva nese mesmo sitio, e

sobre todo contemplar algo que non se adoita contemplar, que son os aparcadoiros que se necesitan para unha bancada de 300 persoas. Esperan que entre todos sexan capaces de facer iso. O voto de UxC tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que parece ser que este convenio non satisface totalmente ás partes, a el tampouco o fai, pero quere empezar dicindo que, ás veces, un mal convenio é mellor que ningún convenio.

Conclúe dicindo que o seu grupo, á vista do compromiso que teñen adquirido coa xunta directiva do Brexo Lema e coas xustas demandas que lles fixeron para a cesión dos seus terreos e fixación das condicións de uso, e sen esquecer tampouco a iniciativa que presentaron aquí conxuntamente todos os grupos da oposición, non lles queda máis que votar a prol do convenio. Tamén reiteran os parabéns a toda a familia do Brexo Lema.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo o seu voto vai ser loxicamente favorable, porque apoian a proposta que fai o Brexo Lema a través da súa directiva, do Sr. Muñiz que foi o seu representante en todo este proceso, e o fan ademais poñendo en valor que en todo este proceso quen tivo máis sentido institucional, quen tivo dalgunha maneira máis lealdade cara ao conxunto dos veciños de Cambre, foi precisamente o Brexo Lema, que a diferenza do concello actuou en todo o momento con total e absoluta transparencia e claridade, e el cre que iso tamén hai que poñelo en valor. Lembraba o compañeiro Taibo de EU esa moción que trouxo aquí o conxunto de grupos da oposición e que aprobaron hai uns meses, que é, sen dúbida, sintomática do traballo ben feito.

O Sr. alcalde quixo dalgunha maneira, el e o seu Goberno, sementar a dúbida sobre se o que se pretendía era favorecer ao club, quizais buscando algún tipo de discrepancia entre o resto do Concello de Cambre e o que puidera ser un trato de favor ao Brexo Lema. Ao BNG chócalle iso, tendo en conta como actúa o PP noutras institucións, onde son expertos en salvar a bancos e empresas amigas por aquilo da marca España. Di que eles consideran que o Brexo Lema tamén é marca Cambre, é dicir, é unha sociedade que funciona de maneira modélica, con moitísimas dificultades, e din claramente que por suposto que si que hai que favorecerla, pero haina que favorecer non só polos veciños de Brexo Lema, non só pola cantidade de veciños de Cambre doutras parroquias que participan do club, hai que favorecerla polo ben do conxunto de Cambre.

El quere introducir aquí unha reflexión que non se dixo, pero que por inverosímil que pareza, puidera ser realidade. Pide que imaxinen que o Brexo Lema, en vez de empeñarse en querer ceder o campo de fútbol ao Concello de Cambre, o allease, procedera á súa venda e pasara a ser un equipo, un club de fútbol como infinidade que hai, sen campo de fútbol, e que despois o Brexo Lema, todas as súas categorías, escolas de fútbol, equipos de modestos, etc. quixeran facer uso, loxicamente terían todo o dereito do mundo, do resto das instalacións municipais que ten o Concello de Cambre. Di que valente problema tería entón o Concello de Cambre, sería algo moi difícil de solucionar se chegasen a ese extremo.

Entenden, polo tanto, que dende o Brexo Lema xogouse sempre de maneira limpa e de maneira transparente. Entenden que isto non é, efectivamente, un acordo, senón unha imposición, e teñen, tamén o din, serias dúbidas sobre se este convenio se poderá cumprir, pero non porque sexa irrealizable, senón porque o seu labor de goberno lles invita a pensar que van ter serias dificultades, tendo en conta que aínda tendo compañeiros da mesma cor política do PP, tanto na Deputación como na Xunta de Galicia, son incapaces de conseguir moitas veces convenios nominativos e fondos nos diversos programas que se formulan dende as institucións provincial e autonómica.

Con todo xa dixo, o seu voto vai ser favorable, poñendo en valor que é un proxecto perfectamente mesurado, que se cingue á razón do seu uso, e aí tamén facer fincapé nunha das cuestións que dubidou, iso das trescentas prazas para a bancada. Todo o mundo sabe, ou debería saber, que un campo de fútbol destas características, tanto pola categoría na que xogan o equipo de modestos, como pola atención que precisan as categorías inferiores, precisa dunha serie de vestiarios, precisa dunha serie de instalacións propias para este tipo de actividade, e a groso modo, levantar enriba unha bancada cuberta para trescentas persoas, non excede os metros cadrados que leva consigo todo ese tipo de instalacións. Non hai, polo tanto, lugar neste proxecto á dilapidación, si que o hai a dar cumprida resposta a unha demanda que é lóxica, que é racional, que existe e que está presente na sociedade, e o que lamentan finalmente é que o Goberno tardara dous anos en algo que podía estar resolto en dúas semanas.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser o mesmo que na comisión, vai ser a prol. Cre que era unha débeda histórica que tiña o concello con esta parroquia e co Brexo Lema. Felicita a todas as persoas que traballaron, á directiva do Brexo Lema e a todas as persoas que teñen colaborado para levar isto a bo fin e, sobre todo, quere felicitar aos nenos e a todas as persoas que vaian utilizar esas instalacións. Agora agarda que nesta Corporación, e na seguinte que entre, traballen todos unidos para levar isto a bo porto.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, manifesta que quere comezar a súa réplica destacando a sorpresa con algunha das declaracións feitas por parte dos concelleiros. Gustaríalle facer público que se este acordo vén hoxe a pleno é porque o Goberno o decidiu así nas comisións, porque algún grupo propuxo deixalo enriba da mesa por non estar de acordo con certos aspectos do convenio.

Respecto de se o convenio puidera ter unhas cláusulas que foran moito mellores, di que están completamente de acordo, o problema é que hai que axustalo á legalidade vixente. O Sr. Rey sabe perfectamente igual que el, que o leitmotiv do Goberno ten sido que este convenio fora cos informes favorables, non puido ser por unha causa que é perfectamente xustificada, que é o tema económico. Actualmente non hai partida orzamentaria, é un compromiso a medio prazo e previsiblemente con cargo a unha subvención da Deputación, subvencións nominativas ás que facía referencia o Sr. Carballada dicindo que non recibía este Goberno. Pregúntalle se lle soa de algo a subvención nominativa da piscina, do campo do Once Caballeros ou a subvención

nominativa de Protección Civil. Estalle citando as tres últimas como recordatorio, e non son cantidades pequenas precisamente.

Conclúe dicindo que nada máis, que agarda firmemente que o campo sexa unha realidade, que todos os veciños e especialmente os da parroquia do Brexo Lema poidan gozar desa instalación.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que quere que queden claras as cousas, para que non pensen que se está escondendo de nada. Primeiro non é que a asemblea do Lema teña que aprobalo, a asemblea do Lema ten que ratificalo, nada máis, como aclaración. E di que eles foron os que propuxeron deixalo enriba da mesa, porque dentro de quince días van ter un pleno extraordinario. Dixérono e seguen a dicilo, porque hai, e cre que todos os grupos coinciden na exposición que acaban de facer, cousas que se poden mellorar e moito, simplemente o dixeron por iso. Ao non deixalo sobre a mesa, o que fixeron foi aprobalo, como non podía ser doutra forma.

Aproveita para invitar a todos e desexarlle sorte ao Lema, que o ano que vén estará en primeira.

Toma a palabra o Sr. alcalde para simplemente aclararlle ao Sr. Carballada a dúbida sobre a capacidade que ten este Goberno para conseguir subvencións nominativas da Deputación. Di que non entende como se refire a subvencións nominativas cando o BNG presentou unha moción na propia Deputación para suprimir as subvencións nominativas, o seu propio grupo.

Intervén don Daniel Carballada Rodríguez para dicirlle ao Sr. alcalde que esa é a súa democracia.

O Sr. alcalde dille que si, que é a súa democracia, e que el deixoulles falar a todos e deulles a oportunidade de que falaran as cousas.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que por favor, que por alusións, e pide simplemente trinta segundos.

O Sr. alcalde contéstalle que non está contemplado no regulamento e que van votar a proposta.

O concelleiro do BNG dille que é un fascista de tomo e lomo.

O Sr. alcalde dille que non lle permite os insultos, e que iso que lle dixo é a verdade, porque o Sr. concelleiro díxolles que este Goberno ten falta de capacidade para conseguir subvencións nominativas da Deputación, e é o BNG o que presenta unha moción na Deputación para suprimir precisamente as subvencións nominativas.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregúntalle se pode falar.

O Sr. alcalde contesta que non, que el deulle a súa quenda e el xa a utilizou, agora van votar a proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aceptar a doazón efectuada polo Brexo-Lema, Sociedade Deportiva, duns terreos e infraestruturas situados no lugar de Lema, parroquia de Brexo – Lema, cunha superficie, segundo medición actual efectuada mediante levantamento taquimétrico e planos que obran no expediente, de 8.413 m², cos seguintes lindeiros, segundo nota informativa expedida ao efecto polo Rexistro da Propiedade: norte, camiño veciñal que de Brexo conduce a Meixigo; sur, gabia propia que separa toxal de María del Carmen Díaz Rodríguez; este, a finca da que esta se segrega; e oeste, camiño veciñal (tomo 3.266, libro 537, folio 30, Rexistro da Propiedade nº5 A Coruña) e cunha valoración de 961.687,60 euros, segundo informe emitido ao efecto polo arquitecto municipal con data de 27 de novembro de 2013.

Segundo: Aceptar as condicións acordadas co Brexo-Lema, Sociedade Deportiva, tal e como se transcriben a continuación:

a) O Concello de Cambre comprométese a executar, neses terreos, e con cargo aos seus orzamentos, un campo de fútbol de céspede artificial de última xeración con rego automático, iluminación (que permita o desenvolvemento da actividade deportiva do Club e facilite a celebración de partidos oficiais en horario nocturno) e as infraestruturas complementarias necesarias para o correcto desenvolvemento da actividade deportiva como: catro vestiarios para deportistas, dous vestiarios para árbitros/adestradores, almacén, oficina, así como a construción dunha grada cuberta para un mínimo de 300 espectadores.

Estes equipamentos estarán concluídos e recepcionados segundo se detalla:

- Campo de céspede artificial (con iluminación e rego): antes do 31 de agosto de 2016.
- Obras complementarias (vestiarios, oficina, almacén e grada): antes do 31 de agosto de 2019.

b) O Concello de Cambre, unha vez aprobada e ratificada a doazón pola asemblea do Brexo-Lema, conforme co disposto no acordo terceiro, asumirá todos os gastos que xere a instalación (incluso antes do inicio das obras) en especial: limpeza, mantemento, conserxería e gastos correntes (luz, auga, gas, teléfono..).

Ademais, o Concello comprométese, mentres duren as obras, a facilitar o acceso a outras instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento da súa actividade/competicións coa única limitación dos horarios establecidos nelas.

c) Se por causa imputable ao Concello non se puidesen executar as obras definidas no apartado a), os terreos cedidos reverterán ao Brexo-Lema, Sociedade Deportiva.

d) Unha vez efectuada a entrega da obra correspondente ao campo de herba sintética, o Concello deberá destinala ao uso previsto no prazo máximo de tres meses dende a recepción.

e) Se os bens cedidos e as obras nelas executadas non fosen destinadas ao uso previsto, unha vez recepcionados, ou deixasen de selo posteriormente, considerarase resolta a cesión e reverterán ao Brexo-Lema, Sociedade Deportiva.

f) O Concello comprométese a facilitar o acceso a todos os equipos do Brexo-Lema, Sociedade Deportiva, para que realicen, nesta nova instalación, os seus adestramentos e competicións; especialmente terán preferencia horaria as actividades/adestramentos dos seus equipos de base.

g) No suposto de disolución da Sociedade durante este período, todos os dereitos recollidos neste convenio reverterán a favor do Concello.”

Terceiro: Condicionar a eficacia dos acordos adoptados nos apartados anteriores á posterior aprobación e ratificación, nos mesmos termos, da asemblea do Brexo-Lema Sociedade Deportiva, por maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, de conformidade co establecido no artigo 12.d) Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Cuarto: Formalizar en escritura pública a doazón, requisito de carácter constitutivo que condiciona a súa validez e eficacia.

Quinto: Inscribir a finca no Rexistro da Propiedade, así como no Inventario de Bens Municipais que se está a elaborar, coa cualificación de ben demanial de servizo público destinado a campo de deportes.

Antes de dar paso ao seguinte punto da orde do día, o Sr. alcalde dálle a en hora boa ao Brexo Lema S.D., e di que agarda, desexa, e vai traballar con todo o seu empeño, para que antes do 2016 teñan o campo de herba sintética. E tamén agarda que estean na primeira división.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

A continuación, e antes de dar paso á primeira moción presentada polos grupos municipais, don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, pide a palabra para facer unha proposta formal.

Concedida a palabra ao concelleiro do BNG, manifesta que o artigo 111.1 d) do Regulamento orgánico municipal que rexe o pleno, di que: “*Quen se considere aludido*”

por unha intervención, poderá solicitar do alcalde ou presidente que se conceda unha rolda por alusións, que será breve e concisa.” . Con base no ROM e facendo uso do artigo 111.1 d) solicitou a palabra, e o Sr. alcalde, facendo caso omiso do ROM, negoulla, de aí que non retire de modo ningún o epíteto co cal o cualificou con anterioridade.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar ao Goberno de España a regresar ao Pacto de Toledo e rexeitar a reforma imposta na Lei 23/2013 reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2820 o día 15 de abril de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“O Pleno expresa o seu máis profundo desacordo coa decisión do Goberno de suprimir de forma unilateral a fórmula de revalorización de pensións públicas que ata agora se aplicaba no noso país, impondo unha nova fórmula sen dialogar previamente co resto de partidos políticos, organizacións empresariais e sindicais, e rompendo así o procedemento establecido no Pacto de Toledo para acometer calquera reforma profunda no sistema de Seguridade Social sobre a base previa do diálogo e o acordo amplo.

A nova fórmula para calcular a revalorización de pensións instaurada a partir da Lei 23/2013 non garante o mantemento do poder adquisitivo das pensións. De feito esta nova fórmula suporá unha perda de poder adquisitivo das pensións de entre un 14% e ata un 26% durante os próximos 15 anos.

A revalorización das pensións para 2014, limitada a un 0,25%, vén consolidar unha perda de poder adquisitivo que comezou a xerarse coa decisión de 2012 de non actualizar as pensións.

Entre 2012 e 2013 as pensións xa consolidaron unha perda de poder adquisitivo, de modo que os incrementos realizados nas contías non foron suficientes como para compensar a evolución da inflación. Así, nestes anos as pensións inferiores a 1000 euros, (que son o 66% do total) perderon un 0,1% e as pensións superiores a 1000 euros (o 33% do total) perderon un 1,1%.

Sumado a todo o anterior, o incremento aprobado para 2014 suporá unha perda adicional de poder adquisitivo de polo menos 1,25% para todas as pensións sen distinción de contías, se temos en conta que o incremento foi de tan só o 0,25% e a previsión de inflación do propio Goberno é do 1,5%.

A perda de poder adquisitivo das pensións supón o empobrecemento especialmente dos que teñen, xa de seu, unha pensión baixa, lembremos que o 54% das pensións teñen unha contía inferior ao Salario Mínimo Interprofesional e unha limitación grave da calidade de vida da maioría de fogares que teñen nun xubilado, preto do 27% do total, a principal ou única fonte de ingresos. E, adicionalmente, a perda de poder adquisitivo das pensións afecta gravemente ao mantemento do emprego e á actividade económica, xa que estas rendas teñen como principal destino o consumo e a demanda interna de bens e servizos no noso país.

Cremos que o Goberno cede ás esixencias do núcleo máis conservador da Comisión Europea e dos mercados, cuxa actividade especulativa segue provocando que a economía produtiva non se recupere e que os traballadores/as, os pensionistas e xubilados sigan perdendo poder adquisitivo, utilizando as pensións públicas como contraprestación esixida para outros fins alleos ao da súa sostibilidade e ó BOE como instrumento para conxelar as retribucións dos que dependen directamente das decisións do Goberno como os empregados públicos, pensionistas, desempregados, traballadores que perciben o salario mínimo, perceptores do IPREM, etc., mentres que, pola contra, adóptanse medidas destinadas a subir os prezos de servizos públicos, que tamén están sometidos á súa intervención.

Baste sinalar algúns exemplos de todo iso: desde 2011 os medicamentos incrementaron o seu prezo o 20,9% como consecuencia da exclusión dun número importante de medicamentos do financiamento público; o transporte público urbano sufriu unha subida do 14,6%; a calefacción, a luz e a auga subiron nestes dous anos máis dun 11,4%, consecuencia en gran medida dos sucesivos “tarifazos” eléctricos.

O camiño ten que ser o de asegurar a calidade de vida da poboación e pór fin ás inxustas políticas de austeridade, como vía para unha saída da crise de maneira democrática e sustentable económica e socialmente.

É polo que, esiximos ao Goberno que rectifique de inmediato e regrese ao marco de diálogo e ao acordo do Pacto de Toledo, pois as medidas adoptadas fóra deste non fixeron senón prexudicar ás persoas máis débiles, sen que actuasen nos verdadeiros retos que ten o sistema de pensións: a necesidade de adoptar medidas de mellora de ingresos, loita contra a fraude fiscal e laboral, facer emerxer a economía mergullada.

Por todo iso, o grupo municipal dos socialistas de Cambre solicita se someta a votación a presente MOCIÓN, e a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Rexeitar a reforma imposta á marxe do Pacto de Toledo, na Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social, e instar ao Goberno da Nación a que a rectifique.

Segundo: Instar ao Goberno da Nación a que volva ao Pacto de Toledo e, neste marco, poña as medidas necesarias para que os pensionistas e xubilados recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas, e a sostibilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde.

Terceiro: Acordar dar traslado dos devanditos acordos ao Goberno da Nación e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu partido estivo no ano 95 en contra da aprobación do Pacto de Toledo, porque consideraban que non favorecía á solidariedade entre as diversas persoas, con maior ou menor poder adquisitivo, con maior ou menor anos cotizados, con maior ou menor escala social á hora de acceder ás pensións, e estiveron en contra propoñendo unha alternativa que eles consideraban máis progresista.

O Pacto de Toledo foi loxicamente aplicado, saíu adiante e rexeu no sistema de cotizacións e de pensións da Seguridade Social no Estado español, e unha vez aprobado, aínda estando o BNG en contra e tendo presentado diversas alternativas que non prosperaron, loxicamente non renuncian aos seus aspectos positivos. Da mesma maneira, estando en contra das subvencións nominativas da Deputación da Coruña, estando estas en vigor e podéndose executar, por suposto que defenden que veñan cantas máis mellor para Cambre, só faltaría.

Di que por se non o acaban de entender vailles poñer un exemplo máis claro. O PP estivo en contra da lei do divorcio e, non obstante, os militantes e cargos públicos do PP divórcianse, algún ata dúas ou tres veces. O PP estivo en contra da lei do aborto e, non obstante, moitas mulleres do PP exercen o dereito ao aborto. E o PP estivo en numerosas ocasións en contra de regular e legalizar a prostitución no Estado español, e, non obstante, ... di que van a deixalo aí.

Polo tanto, eles van votar favorablemente á moción do Partido Socialista, porque entenden que ten un contido social importante e que tenta poñerlle freo ao actual remuíño neoliberal e capitalista que o PP representa.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, quere salientar, para que o entenda o público asistente, que con esta medida do factor de incremento das pensións de soamente o 0,25%, o Goberno pretende recortar 30000 millóns. Isto forma parte da contrapartida que o Goberno decidiu asumir no día en que pediu a Bruxelas o rescate para os bancos, formaba parte do pacto, e lamentablemente hoxe mesmo acaban de ter coñecemento que os cidadáns van ter que aboar outros 40000 euros ás entidades bancarias en forma de avais.

Cre que é de xustiza que se revise o modelo, e lembra, por outro lado, que Galicia ten o dubidoso honor de ser a comunidade autónoma coas pensións medias máis baixas de toda España, soamente superada por Estremadura, cre que é de xustiza que o Goberno garanta o nivel de vida, o poder adquisitivo dos pensionistas que, hoxe por

hoxe neste país, están sustentando a familias enteiras como consecuencia da perda de empregos por parte dos seus fillos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de UxC sobre a ponte medieval da Xira

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2732 o día 10 de abril de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A ruta xacobeá ‘Camiño Inglés’ constitúe un dos principais fitos turísticos do Concello de Cambre ao seu paso pola parroquia de Sigrás, sendo ademais un itinerario cualificado de ben de interese cultural (BIC), polo que transitan cada ano centos de peregrinos de todas as nacionalidades.

O camiño, que pasa polas parroquias de Sigrás e Anceis, inténase no termo municipal de Cambre a través da ponte da Xira, ponte medieval de contrastada importancia arquitectónica, que se presenta como a primeira imaxe que os peregrinos teñen do noso concello.

A pesar de todo isto, observamos un preocupante abandono deste lugar por parte da administración local que se agrava polo tránsito do tráfico rodado co perigo que supón tanto para os peregrinos como para a propia estrutura arquitectónica da ponte.

A ausencia total e absoluta de calquera tipo de control e mantemento por parte do Goberno local leva ao grupo municipal Unión por Cambre a manifestar e denunciar as deficiencias e o perigo que corre este importante fito do Camiño Inglés.

Con base no anterior o grupo municipal Unión por Cambre, propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Limitar o tráfico rodado.

Segundo: Abordar medidas de mantemento e limpeza periódicas.

Terceiro: Que o Goberno local realice as xestións necesarias tanto para a limitación do tráfico rodado como para os labores de mantemento necesarios para este elemento patrimonial.

Cuarto: Introducir unha variante (nova ponte e estrada) no PXOM, de xeito que a ponte da Xira sexa unicamente peonil.”

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, manifesta que esta moción é unha moción na que o pleno ten decisión, así que el vai defender e expoñer a idea que ten o Goberno municipal.

Di que no único punto no que están de acordo con esta moción é no segundo, onde di que se aborden medidas de mantemento e limpeza periódicas. Dende logo non poden estar de acordo en limitar o tráfico rodado, aínda que de verdade comprenden que é perigoso, pero non están de acordo ata que se resolva a entrada e saída entre a estrada que vai dende o Mesón Vasco ata á Pena, porque sendo perigosa a ponte para pasar, máis perigoso é saír no acceso que hai na parte de arriba o camiño.

Tampouco poden estar de acordo en introducir unha variante nova ou outra nove ponte no Plan xeral, porque se o fan van encher todo de pontes na Xira, xa hai tres, e se meten outra máis ao final iso trae tamén unhas consecuencias nos terreos que lindan.

Conclúe reiterando que no único que están de acordo é no labor de mantemento e limpeza periódicas, que niso están totalmente de acordo. Por iso, van votar en contra da moción, a menos que se deixe soamente ese punto, se non se retiran o resto de puntos eles están en contra.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que sen que sirva de precedente, neste caso van estar en parte de acordo co grupo popular.

Cren que o importante nunha actuación como esta é garantir, en primeiro lugar, a seguridade de vehículos, de peóns e de condutores nesa zona. O certo é que a conexión deste camiño que vén dende a ponte da Xira ata a confluencia, cre que é a AC-214 se non se equivoca, esa confluencia é perigosísima e ten dado lugar a moitos accidentes, e é algo que ten, como mínimo, que estudarse adecuadamente polos servizos técnicos, para ver a mobilidade nese punto e como peonalizar o paso de vehículos pola ponte da Xira pode favorecer á circulación.

Cre que é precipitado, con independencia de que incluso estarían a prol de que se introducira no Plan xeral de ordenación municipal esa variante que se propón no acordo cuarto. Dotar de novas infraestruturas para comunicar axeitadamente as parroquias do concello non ten por que ser un problema, o que si é certo é que previamente a adoptar unha solución como é a peonalización desa ponte hai que estudalo adecuadamente e dotar de medidas de seguridade a peóns, a veciños da zona e aos vehículos que poidan transitar por aí.

Recoñecendo o valor patrimonial desa ponte, o que eles poñen por enriba do valor patrimonial neste momento é a seguridade de vehículos e de veciños da zona e, polo tanto, nestes termos non van aceptar a moción. Propoñen que quede enriba da mesa para que previamente á adopción dun acordo definitivo, sexan estudadas polos servizos técnicos municipais as propostas que se fan, sobre todo no tema de seguridade viaria.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que esta moción ten as súas partes importantes e ten outras que diría son bastante problemáticas, sobre todo para as persoas, para os veciños e para o tránsito desa ponte.

De todas maneiras, como dixo antes, para el unha moción que fale en defensa do patrimonio cultural e etnográfico que ten o concello, parécelle importantísima. Hai cuestións que comparten, aquí xa se ten debatido e falado algunha vez sobre o proxecto de modificación do cruzamento da Pena, pero a realidade é a que teñen, o cruzamento segue como está, e a el parécelle demasiado atrevido determinar como vai quedar nesa situación. Polo tanto, aínda felicitando esa sensibilidade que ten UxC polo patrimonio que eles comparten, non poden votar a prol da moción, así que se van abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster por argumentos similares aos xa esgrimidos polos diversos grupos da oposición, se ben queren reiterar tamén a súa felicitación a UxC por ser valentes e traer á actualidade un tema que a medio e longo prazo é insostible. É dicir, non é que se poida perpetuar no tempo que unha ponte medieval asuma a cantidade de tráfico rodado, moitas veces pesado, que ten esa ponte, e é algo que a medio ou longo prazo o Concello de Cambre deberá resolver.

Conclúe dicindo que, nese sentido, queren felicitar a UxC pola valentía de traer esta moción ao pleno e, dende logo, si que están moi de acordo en que se estude a introdución dunha nova variante no Plan xeral de ordenación municipal. O seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que a súa intervención vai ser na liña dos voceiros que lle precederon na palabra.

Entende que é unha moción importante a que trae UxC a este pleno, pero máis importante é, por suposto, manter a seguridade dos veciños, dos peóns e dos vehículos que circulan e que saen ao cruzamento dese camiño da ponte da Xira coa confluencia da estrada da Xunta AC-214. Por iso, o seu voto non pode ser favorable.

Dende aquí tamén anima ao equipo de goberno a buscar unha solución a aquel cruzamento dado o súa perigo. O seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que primeiro pide desculpas, porque van retirar esta moción. Quere pedir desculpas

porque realmente non é unha moción cunha redacción moi afortunada, estase dando conta e, polo tanto, ten que pedir desculpas. O tempo non foi o mellor para facela, persoalmente pide desculpas, incluso ao seu propio partido tamén llas ten que pedir, porque non quería dicir exactamente o que se está entendendo nesta moción.

Di que por nada do mundo queren limitar á xente que vive alí que poidan entrar ou pasar cos coches libremente, por nada do mundo a intención era esa, ou o motivo da moción era ese, senón que era o de preservar esa ponte en todo o que se poida.

Polo tanto, reitera que pide desculpas humildemente e gustaríalle, se é posible, retirar a moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que dado que o grupo de UxC, que é o que presenta a moción, decide en última instancia retirala, van facelo, non a votan, e pasan á seguinte moción.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de UxC relativa á defensa da conexión da Vía Ártabra-AP9 libre de peaxe

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2801 o día 14 de abril de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“O día 26 de marzo, aproveitando unha visita ao Concello de Sada, o conselleiro de Infraestruturas, don Agustín Hernández, ratificou o seu compromiso de licitar no primeiro semestre deste ano a redacción do proxecto da conexión da vía Ártabra coa AP-9.

O primeiro semestre remátase en xuño deste ano. É dicir, dentro de dous meses como máximo.

Entendemos que é fundamental resolver as dúbidas que se formulan neste trazado, antes de que se formalice a licitación do proxecto porque as decisións a tomar son de índole político e non técnicas.

O Plan sectorial viario do ano 2004 na súa memoria di que as conexións da vía Ártabra coa AP-9 e A-6 deben facerse libres de peaxe.

O Concello de Cambre aproba, no ano 2006 por unanimidade, o trazado da vía Ártabra ao seu paso por Cambre. Este trazado dispoñía dunha conexión, Ártabra – AP-9, libre de peaxe na zona de Catro Camiños.

O proxecto da Xunta aprobado en abril do ano 2009 fai a conexión, vía Ártabra – AP-9, mediante un vial dun quilómetro de longo que remata cunha peaxe na zona baixa de Armental.

Polas dúbidas que esta discrepancia formulaba, no ano 2012 volveu traerse o asunto ao Pleno e ratificouse a conexión da AP-9 – vía Ártabra libre de peaxe en Catro Camiños.

Sendo ben acollido, pola nosa parte, o anuncio da licitación do proxecto que consideramos imprescindible para Cambre, preocúpanos e moito, que por parte da Consellería se faga este anuncio dende o Concello de Sada, e sen nomear que solución se lle dá á discrepancia entre os acordos do Concello de Cambre e o trazado aprobado pola Xunta no 2009. En concreto entre si a conexión entre a vía Ártabra e a AP-9 se vai facer mediante pagamento ou libre de peaxe.

UxC non desexa que se atrase a licitación e de poder axilizarse mellor, pero antes de licitarse débese acordar cales son as directrices do trazado que a empresa a contratar debe ter en conta. É imprescindible que a empresa que redacte o proxecto saiba se debe facer unha conexión sen peaxe ou con peaxe. Pero a decisión non é técnica, senón política e, polo tanto, é unha decisión que ten que darse antes do encargo e por quen encarga.

Polo exposto e atendendo a conseguir o mesmo trato de acceso libre á AP-9 que os usuarios do ámbito máis próximo á cidade da Coruña, co vial 18, propoñemos:

Primeiro: Valorando moi positivamente o anuncio feito polo conselleiro de licitar o proxecto de conexión entre a N-VI e AP-9 antes do mes de xuño deste ano, e dentro dos tempos de licitación previstos, solicitarlle que confirme que o proxecto vai licitarse baixo a hipótese de peaxe libre no ámbito de Catro Camiños, e coa previsión de continuidade da vía Ártabra ata a súa conexión coa A-6. É dicir, tendo en conta o xa formulado no seu momento polo Pleno do Concello de Cambre.

Segundo: Trasladar por parte do Concello de Cambre aos concellos limítrofes (Sada, Oleiros, Bergondo, Betanzos) a proposta de peaxe libre que defende o Concello de Cambre e invitalos a que fagan o mesmo.

Terceiro: Solicitar ao Sr. alcalde de Cambre que de forma urxente faga as xestións necesarias diante da consellería e formalice os compromisos que considere oportunos, para que o trazado se leve adiante coa solución de peaxe libre en Catro Camiños, sen que estes compromisos varíen o prazo previsto para a licitación.

Cuarto: Dada a urxencia e transcendencia que o asunto ten para Cambre, que se nos informe de forma urxente sobre as xestións realizadas e as respostas recibidas.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que se alegra de que o Sr. García Patiño traia esta moción, pero cre que a trae anticipadamente, porque el mesmo di no escrito que o conselleiro se ratificou no seu compromiso de licitar no primeiro semestre deste ano a redacción do proxecto de conexión da vía Ártabra coa AP-9, é dicir, sacar a licitación a redacción do proxecto. O mesmo voceiro de UxC o di no encabezamento da moción.

Dille que iso sacarase a concurso, presentaranse varias empresas e cando estea adxudicado haberá que falar coa empresa correspondente sobre as pretensións de Cambre.

Dito isto, o Sr. García Patiño comprenderá que el dende que está de alcalde deste municipio xa foi seis ou sete veces á Consellería a falar coa directora xeral e máis co conselleiro sobre este asunto, e a súa petición está feita, que a conexión da vía Ártabra entre a N-VI e conexión coa AP-9 se faga libre de peaxe. Esa foi unha das peticións, porque ademais é un compromiso adquirido polo Pleno da Corporación municipal. Esa petición xa a fixo.

É máis, ante esta moción, que máis que unha moción é un rogo, ante esta moción el falou coa directora xeral onte pola mañá e hoxe pola mañá, e díxolle que, efectivamente, que estaba previsto licitar a redacción do proxecto da unión da N-VI coa AP-9 neste primeiro semestre. É máis, a Sra. concelleira de Urbanismo que está presente e el mesmo teñen unha cita coa directora xeral o día 8 deste mes, para tratar, entre outros, tamén este tema.

Conclúe dicindo que el non sabe cal é a parte resolutive desta moción, porque para el é un rogo, dille que perdoe que llo diga, pero que ao mellor equivocouse na redacción tamén nesta moción, por falta de tempo ou non sabe por que, pero isto máis ben é un rogo, porque non sabe cal é a parte resolutive e que é o que van votar.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que lle alegra que lle diga que se anticipa, porque no pleno pasado díxolle que chegaba tarde, daquela hoxe xa van ganando algo.

Dille ao Sr. alcalde que se anticipe el. O que lle están pedindo nesta moción e que se anticipe tamén el, porque van licitar un proxecto, pero ese proxecto leva unhas directrices, e queren que o Sr. alcalde defenda a postura do concello. Está dicindo que xa o está facendo, non sabe entón que problema lle pon a esta moción, se xa o está facendo. O único que tería que facer é o punto catro: *“Dada a urxencia e transcendencia que o asunto ten para Cambre, que se nos informe de forma urxente sobre as xestións realizadas e as respostas recibidas.”* Dille ao Sr. alcalde que acaba de informalos agora porque traen esta moción, senón, non lles informaría. O que lle están pedindo é que cumpra co que se acordou nos plenos, non en un, senón en varios plenos, e que traballe e faga todo o posible para que esa conexión sexa libre de peaxe e a conexión AP-9/ A-6 sexa unha realidade.

O que están pedindo nesta moción é iso, que o Sr. alcalde faga iso, o que di que está facendo, por iso lle pide que a aprobe e que lles informe puntualmente do que está pasando.

Que din que van licitar o proxecto, claro que si, pero un proxecto vai cunhas directrices, e esas directrices son políticas, e se dende as directrices políticas lle din a empresa que queren que Catro Camiños sexa libre de peaxe, a empresa redactora vai poñer Catro Camiños libre de peaxe, non é que a empresa vaia facer o que lle dea a gana e vaia sacar da chistera o de poñer ou non libre de peaxe. Son directrices políticas.

Aquí o que están dicindo é que a directriz política de Cambre está clara, xa se votou, e o que lle están pedindo ao Sr. alcalde é que poña sobre a mesa na Consellería, unha, dúas e as veces que faga falta esa mesma idea, nada máis. Se o Sr. alcalde a quere considerar un rogo, parécelle ben, el o que quere é que se vote e se non ten ningún inconveniente que vote a favor, porque xa o está facendo, e xa está, non hai máis problema que ese.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que segue dicindo que de verdade non sabe que vai votar, que el sométeo a votación, non ten ningún problema, pero pregunta que é o que van votar. El está de acordo en que dada a urxencia se lles informe aos grupos da oposición, naturalmente. Di que a petición de Cambre na Consellería de Medio Ambiente está feita, non por unha, nin dúas, nin tres, nin catro veces, que iso sexa libre de peaxe, pero aínda non hai nin sequera directrices para o proxecto, aínda está en fase de ir a licitarse antes do mes de xuño. El dálles o que sabe e xa llelo dá agora, non fai falta que o firmen nunha moción.

O terceiro punto é solicitar ao Sr. alcalde que de forma urxente faga as xestións necesarias, e dille que iso xa o está facendo. Isto é unha petición, un rogo, non é unha moción resolutiva, estalle a dicilo e, se o Sr. García Patiño o deixa como rogo, discuten o que haxa que discutir, pero el a votación non a ve.

Conclúe dicindo que o de trasladalo aos concellos limítrofes, Sada, Oleiros, Bergondo, dille que comprenderá que os alcaldes falan destes temas bastante a miúdo, porque lles preocupa a todos, e a el ao que máis, porque esa conexión debía estar feita hai tempo.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, felicita aos compañeiros de UxC que teñen traído esta moción. Dende logo a vía Ártabra é unha das infraestruturas esenciais deste municipio, e lamentan a escasa información que o resto dos grupos políticos tiveron da situación do proxecto, da licitación e do que vaia pasar coa vía Ártabra. Lamentan que o equipo de goberno e o Sr. alcalde, a pesar das resolucións que se foron adoptando neste pleno, non lles teña trasladado o que está contando aquí neste momento, e que teña que ser a través da petición duns compañeiros que teñan que ter coñecemento de como está a situación.

Conclúe dicindo que, dende logo, o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a el ás veces dálle un pouco de arrepío cando se fala de peaxe, porque o seu grupo nin sequera valora que a vía Ártabra se teña que facer de peaxe, e que xa nin o pensan, de feito xa en dúas ocasións, neste salón de plenos, se aprobaron dúas iniciativas,

dúas mocións, onde querían a vía Ártabra libre de peaxe. Isto é caduco cando agora mesmo xa están vendo o resultado que dan as autoestradas e autovías de peaxe neste país e as perdas que teñen.

Por outra parte, el coincide basicamente co que se propón aquí, pero no punto dous, cando se di o de trasladar por parte do Concello de Cambre aos concellos limítrofes de Sada, Oleiros, Bergondo e Betanzos, el diría máis, el cre que onde habería que trasladalo é ao órgano de representación metropolitana, que é o Consorcio As Mariñas, onde hai máis concellos e eses concellos tamén van facer uso da vía Ártabra. El cre que é o sitio ao que había que trasladalo, e se ao compañeiro de UxC non lle parece mal, cre que se debería incluír ao conxunto dos concellos representados no Consorcio As Mariñas.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo saúdan e felicitan a iniciativa de UxC, que consideran, máis alá dalgún tecnicismo en canto á forma, total e absolutamente acaída.

Por outra parte, levan xa practicamente tres anos de lexislatura e el si que se vai permitir parar aquí para dicilo, nunca se afearon determinadas cuestións por parte dun membro da Corporación a outro por algún erro que se puidera ter cometido por cuestións técnicas ou de procedemento, ou por falta de tempo. Os concelleiros da oposición, e si se toma a liberdade de dicilo, non teñen unha remuneración salarial como ten o equipo de goberno, teñen unicamente unhas axudas de custo por asistencia a organismos colexiados e logo unha serie de cartos que se dan por funcionamento do grupo municipal, cartos que no exercicio da súa liberdade o grupo de UxC ten rexeitado recibir polo que ten entendido, e non lle parece que por parte deles que si que cobran, que si que teñen técnicos, que si que teñen persoal de confianza á súa disposición, pois que se poida afean moitas veces algún fallo que el entende que vén sempre, sexa por parte da oposición ou do Goberno, coa boa intención que ten todo traballo político que fan aquí.

Segue dicindo que o seu grupo está total e absolutamente de acordo con esta moción, considéranla necesaria, consideran ademais que o Sr. alcalde, en certa maneira, pois falta á verdade, porque se están falando aquí disto agora é precisamente pola moción de UxC. Se saben que o Sr. alcalde o día 8 vai ter unha reunión coa súa concelleira e coa directora xeral, é grazas á iniciativa de UxC. Se saben que o Sr. alcalde xa realizou unha serie de xestións nas que eles de boa be acreditan, é grazas á moción de UxC.

Que puidera ser un rogo ou outra cuestión, pois ben, si, talvez si, pero dende logo non se está adiantando absolutamente nada, o que se está facendo el cre que é incitar ao grupo municipal de goberno a exercer debidamente o seu labor de gobernar Cambre.

Eles van votar a prol, simplemente unha cuestión, no punto un fálase de peaxe libre, eles prefiren falar de libre de peaxe, porque moitas veces con iso de peaxe libre despois pode dar lugar a malos entendidos e a peaxes na sombra, que son dalgunha

maneira libres e gratuítos para os usuarios e poden permitir eses peaxes na sombra que logo pagan as diversas administracións ás empresas concesionarias. Polo demais xa dixo, están absoluta e totalmente a prol da moción de UxC, recollendo tamén a contribución que fixeron os compañeiros de EU.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Carballada, por alusións, que non entende o que lle dixo con afeaar a conduta. El cre que non a afeou a ningún.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que fixo unha mención ao erro cometido, por así dicilo, na moción anterior de UxC, que francamente non vén ao caso.

O Sr. alcalde pregúntalle que como ao erro, que o que dixo é que pode ser que a redacción tamén poida estar equivocada.

Don Daniel Carballada Rodríguez aclara que se refire á mención que fixo á moción anterior de UxC, fixo un comentario de que igual tamén se equivocou nesta, ou cousa parecida. Dille que poderá acceder á gravación e á acta, e el considera realmente que está fóra de lugar, porque moitas veces os concelleiros da oposición dan para o que dan, e fano coa mellor das intencións, e con condicións moitas veces laborais e persoais complicadas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño agradece a intervención a todos os grupos e a EU a súa suxestión, dille que cambian a redacción, como non pode ser doutra forma, e si que lles gustaría poñer que se trasladara ao Consorcio As Mariñas en vez de aos concellos de Sada, Bergondo, Oleiros e Betanzos. Efectivamente, ten que ser ao conxunto do Consorcio As Mariñas, e ademais debe ser o foro onde debe facerse. Agradece esa achega.

A continuación, exponlle ao Sr. alcalde que cando di que fala co resto dos alcaldes el non dubida que fale, dubida de que fale disto e da importancia que ten isto, como dubida de moitas cousas del, e o sabe, precisamente por iso queren que se lles dean sempre as respostas por escrito. Cando o Sr. alcalde fai algo coa consellería ou co resto dos concellos en defensa do Concello de Cambre, eles van crelo sempre e cando sexa por escrito. Xa llo dixo máis dunha vez, o sente moito, pero perdeu hai moito tempo a confianza de UxC, xa llo dixo e así llo demostraron, polo tanto, o único que piden é que se lle informe por escrito a toda a oposición do que está a facer con respecto á vía Ártabra, con respecto ao Plan xeral, con respecto a temas tan importantes para Cambre que non saben, con respecto ao convenio co Lema, porque souberon a última hora, á présa e correndo, que tiñan o convenio xa arranzado. A esas cousas se refiren cando din que queren que lles informe de forma urxente.

Polo tanto, cambiando o que os compañeiros de EU dixeron con respecto ao Consorcio As Mariñas, no resto manteñen a súa moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle que el entende que non se fíe del, pero que comprenderá que cando el fai xestións, e o mesmo Sr. García Patiño cando fai

xestións como concelleiro do Concello de Cambre, as xestións non as fai todas por escrito, nin sequera el, nin cando fai esas xestións vai á Alcaldía e lle di ao alcalde que fixo esa xestión en nome do municipio de Cambre. Dille que xamais o viu polo seu despacho, nin por escrito nin de palabra e, non obstante, pretende que el lle informe de todas as súas xestións cando vai pedir ao Sr. presidente da Deputación unha subvención e lle di: “Diego, mira, vou presentarte este proxecto para esta subvención”. Pregunta ao voceiro de UxC se iso tamén quere que llo dea por escrito.

Continúa dicindo que el entende que o Sr. García Patiño perdeu a confianza no seu grupo municipal, pero el ten que entenderlle a el, e cando lle di que vai ir falar co conselleiro ou vai falar coa directora xeral, cando vai alí a falar, fala, non vai cun escrito predeterminado para falar coa Sra. directora xeral ou co Sr. conselleiro. Dille que ten que entendelo, que moitas cousas arránxanse de palabra, igual que arranxou de palabra as negociacións que tiveron co Brexo Lema, non cada unha das reunións que tiveron a plasmaron nun escrito, simplemente discutiron, falaron, e cos señores alcaldes de Arteixo, Betanzos ou Consorcio As Mariñas, tamén falaron deste asunto varias veces, e di que sabe que este tema tamén llo trasladaron eles de palabra ao conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas, tamén o sabe, igual que llo trasladou el mesmo.

Conclúe dicindo que el acéptalle a moción, pero xa lle di que para el máis que unha moción é un rogo. O concelleiro rógalle ao Sr. alcalde que faga esas xestións, e el está de acordo e acéptalle o rogo. Pero ben, se o presentou como moción, aínda que para el non o sexa, van votala e non pasa nada, porque está de acordo con ela, pero é un rogo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el entende perfectamente que faga cousas de palabra. Non dixo co Sr. Calvo, senón que dixo con Diego, como se estivera xogando un tute, el entende que o faga, de verdade que entende que o faga de palabra cos seus compañeiros da Deputación e da Xunta, outra cousa é que el crea todo o que o Sr. alcalde lle di. Sinala que el non dixo que perdera a confianza no seu grupo municipal, el dixo que perdera a confianza no alcalde e nalgún do seu grupo, non en todo o grupo, ata agora algúns concelleiros do seu grupo séguenlle merecendo toda a confianza do mundo, dixo que é no Sr. alcalde precisamente no que non ten a confianza.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación proposta polo grupo de EU, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Valorando moi positivamente o anuncio feito polo conselleiro de licitar o proxecto de conexión entre a N-VI e AP-9 antes do mes de xuño deste ano, e dentro dos tempos de licitación previstos, solicitarlle que confirme que o proxecto vai licitarse baixo a hipótese de peaxe libre no ámbito de Catro Camiños, e coa previsión de

continuidade da vía Ártabra ata a súa conexión coa A-6. É dicir, tendo en conta o xa formulado no seu momento polo Pleno do Concello de Cambre.

Segundo: Trasladar ao Consorcio As Mariñas a proposta de peaxe libre que defende o Concello de Cambre e invitar aos concellos que o integran a que fagan o mesmo.

Terceiro: Solicitar ao Sr. alcalde de Cambre que de forma urxente faga as xestións necesarias diante da consellería e formalice os compromisos que considere oportunos, para que o trazado se leve adiante coa solución de peaxe libre en Catro Camiños, sen que estes compromisos varíen o prazo previsto para a licitación.

Cuarto: Dada a urxencia e transcendencia que o asunto ten para Cambre, que se nos informe de forma urxente sobre as xestións realizadas e as respostas recibidas.”

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal de EU sobre a petición da Medalla de ouro da Xunta de Galicia para o Obradoiro de gaitas Seivane

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2860 o día 16 de abril de 2014, xunto cos rogos e coas preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A Medalla de Galicia é unha distinción de honra que concede a Xunta de Galicia a persoas ou institucións polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da realidade social, cultural ou económica.

O día 25 de marzo do presente ano, o Obradoiro de gaitas Seivane acadou o máximo galardón dos premios nacionais de artesanía, convocado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

O Obradoiro de gaitas Seivane ten a súa orixe en 1939 cando o seu fundador, Xosé Manuel Seivane Rivas, elaborou a súa primeira gaita, nunha época na que moi poucas persoas reunían a dobre condición de construtor de gaitas e gaiteiro. Os seus fillos, Álvaro e Xosé Manuel, seguiron os seus pasos e decidiron traballar xuntos no obradoiro familiar, impulsando así unha empresa pioneira en Galicia que modernizou os sistemas construtivos e que investiga todos os aspectos relacionados coa gaita para ofrecer un produto de calidade. Na actualidade algúns netos do fundador traballan no negocio familiar, asegurando así a continuidade dun oficio con décadas de tradición.

No transcurso de 75 anos poderían enumerarse infindade de feitos e actuacións levadas a cabo por esta familia de artesáns na súa aposta decidida en favor da cultura no noso país. As gaitas dos Seivane, elaboradas no seu obradoiro en Cambre, pulan por todo o mundo emitindo un son inconfundible... o son de Galicia.

Dende o noso compromiso cidadán como grupo político, non resulta difícil facer unha exposición e argumentación da figura dos Seivane, que ben poderíamos resumilo na seguinte frase...*"un modelo de éxito baseado na honestidade, un factor elemental e imprescindible para que un produto sexa apreciado e recoñecido"* (testemuño de Manuel González, presidente da Asociación Galega de Artesáns), recollido na revista Guieiros da Asociación Cultural Xermolos no seu número 14, dedicado a Xosé Manuel Seivane Rivas.

É para o noso grupo municipal, unha enorme satisfacción como representantes dos veciños/as de Cambre, que persoas cunha traxectoria profesional irreprochable no eido da artesanía e da cultura, sexan propostos por esta Corporación para este galardón, como un recoñecemento a unha familia, a un apelido e a un traballo, poñendo en valor a artesanía galega con profunda semente no noso concello. Grazas a esta familia, a terra de verdes castros consegue aumentar a súa proxección internacional que os cambreses/as sentimos con orgullo e admiración.

O Obradoiro de gaitas Seivane configúrase cun patrimonio e capital humano importantísimo. A familia e os traballadores/as merecen, ao noso xuízo, un recoñecemento polo permanente e intenso labor desenvolvido, tanto pola súa obra artesá e cultural, como polo seu compromiso en defensa e promoción dos valores tradicionais do folclore galego, tendo a súa expresión no instrumento máis tradicional "a gaita galega".

Ante unha realidade que xa forma parte da historia recente do noso concello, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Único: Se inicie un expediente por parte do Goberno, co fin de solicitar á Xunta de Galicia a concesión da Medalla de ouro de Galicia ao obradoiro de gaitas da familia Seivane en Cambre."

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que se alegra moito de que traian esta moción e, como non vai ser doutro xeito, van votala a prol, pero quere facerlle un reproche ao voceiro de EU, porque non entende que el, que tanto presume do diálogo, tendo esta iniciativa non se puxera de acordo con todos os grupos para traela conxuntamente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que admite ese reproche, pero que ao mesmo tempo sente rabia e vergonza da súa figura como alcalde deste concello, e dille o por que. Transcorrido case un mes non tivo a valentía política ou a iniciativa de dirixirse a esa familia para facerlle como mínimo, como primeira medida, unha recepción. Agora, despois dun mes, si que parece ser que para a semana que vén esta familia vai ter a máis que merecida recepción.

Dille ao Sr. alcalde que esta é unha iniciativa do grupo municipal de EU, como o Goberno tivo outras e outros grupos tiveron outras. Pregúntalle se dalgunha maneira sente algo de vergonza porque sexa un grupo da oposición o que presente isto. Dá a sensación de que si, porque non tiña que reprochar nada, o que tiña que facer era aprobar a moción como é preceptivo, e nada máis. O que debía facer era aprobar a moción e non vir aquí a reprochar nada, porque como lle dixo antes, despois dun mes é cando se dirixe á familia Seivane para dicirlles que lles van facer unha recepción.

El cre que outros concellos deron outro exemplo, outras institucións fixeron homenaxes, precisamente estes días víase nos medios de comunicación que un ex-ministro dun país de Europa veu visitar o obradoiro. Ao final deste pleno, como o Sr. alcalde dixo que ía aprobar a moción, vaille presentar un expediente que ten aquí sobre os recoñecementos máis salientables da familia e do obradoiro Seivane, para que o teña en conta e ao mesmo tempo llo presente á Xunta de Galicia para a concesión desa medalla.

Conclúe dicindo que o que non lle admite é que lle reproche a el nada. Eles, no libre dereito que teñen como grupo da oposición, poden presentar as mocións que estimen oportunas, e o Sr. alcalde ten a obriga de aprobalas ou non aprobalas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro de EU que llo admite case todo, e que pode avergonzarse de quen queira, pero o que non lle vai admitir é que diga mentiras aquí no pleno, iso non llo admite, e vaille dicir por que. Aos dous ou tres días, non lembra se foron dous ou tres, el felicitou á familia Seivane, é máis, quedaron en facerlles unha homenaxe cando se celebre en Cambre a feira dos artesáns, e eles estiveron de acordo. Polo tanto, pídelle que non lle recrimine cousas con mentiras diante do pleno. Reitéralle que aos dous días ou tres, a familia Seivane recibiu a felicitación deste alcalde en nome de todo o concello, e a recepción para o día 30 tamén foi acordada con eles, porque non todos dispoñen do tempo e tiveron que conxugar as axendas, pero dille que saiba que aos dous días ou tres el mesmo os felicitou en nome do Concello de Cambre, por levar o premio que levaron, así que pídelle que non o chame mentireiro, que pode avergonzarse del, pero que non o chame mentireiro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que pensa que é lóxica por parte do alcalde de Cambre e do grupo de goberno a felicitación. El tamén o fixo, e ten coñecemento de que o Sr. alcalde tamén o fixo, ata aí esta de acordo, pero o que lle recriminaba é que non convocara á familia Seivane para facerlle unha recepción como se merecía neste salón de plenos, por recibir o máximo galardón outorgado polo Ministerio de Industria, iso si que non o fixo, e é o que lle reprocha.

Evidentemente xa sabe que o Sr. alcalde felicitou á familia, como o grupo de EU, como outros grupos e como outras persoas indudablemente, pero pasado un mes cre que xa pasou tempo máis que suficiente. Dille que non lle gusta ser suspicaz nestas cousas, pero resulta que a recepción decidese despois de presentar a moción EU. A el iso é o que lle consta e o Sr. alcalde non dixo nada na xunta de voceiros, tiveron unha xunta de voceiros a semana pasada e ninguén dixo nada deste tema. Pregúntalle se dixeron algo nesa xunta, que é o sitio para falar destas cuestións.

En vista de que non se facía di que decidiron presentar a moción, con moito orgullo, ademais.

Intervén don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, para explicar que cando a familia Seivane chegou de Madrid el chamounos e falou con eles para poñer unha data para a recepción. Estaba prevista, pero ata que puideron coordinar as axendas non foi posible fixar unha data. Di que non houbo outro motivo e reitera que tanto el como o Sr. alcalde chamaron á familia coa idea de facer unha recepción para celebrar o premio.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás dille ao Sr. concelleiro de Cultura que el ten coñecemento de que os felicitou e de que o Sr. alcalde tamén o fixo, parécelle normal. Ata aí, ata a felicitación é o que el sabe, nada máis que iso, de concretar outro tipo de cuestións iso si que non sabe. El o coñecemento que ten é que hai un par de días chegoulle unha notificación de que había unha recepción no concello, e cre que, como se fixo noutras ocasións, ese recoñecemento e esa recepción xa tiña que estar feita, nada máis que iso.

De todas maneiras di que se alegra e agradece en nome do grupo municipal de EU, e da familia Seivane e dos seus traballadores, o apoio a esta moción e, como dixo antes, ao final do pleno entregaralle ao Sr. alcalde un expediente dos recoñecementos máis importantes e dos valores máis importantes que ten ese obrador e esa familia.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está de acordo coa petición de EU de solicitar a Medalla de Ouro de Galicia ao obradoiro de gaitas de Seivane, polo mérito ao seu traballo que fixeron de xeración en xeración, promovendo a artesanía e a cultura do concello. Polo tanto, o seu voto vai ser favorable, e felicítaos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, felicita a EU por esta moción e di que de verdade lamenta que este debate desluza realmente un pouco o motivo desta moción tan bonita e ademais tan xusta. Dálles a en hora boa e di que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, felicita ao obradoiro de gaitas Seivane por ese premio. El quere salientar, para non repetir o que xa se dixo aquí, que agora mesmo están levando o nome de Cambre por todo o mundo. Está ben que lle fagan unha recepción, el cre que esta familia merece unha homenaxe, hai algúns concelleiros aquí que puideron asistir no ano 2008, polo mes de xullo, a unha homenaxe que se lle brindou na terra Ribeira de Piquín ao patriarca Xosé Manuel Seivane Rivas. El cre que a familia xa o vai merecendo, cre que é acertada unha homenaxe facendo coincidir a feira de comercio e artesanía de Cambre, curiosamente eles participan en todas as feiras de artesanía.

Continúa dicindo que igual é bo, é unha idea que deixa aquí para ser estudada e se quere o alcalde transmitir o que se poida, que tamén colaboren outras institucións,

como pode ser o Consorcio As Mariñas, que poida estar presente nesa homenaxe e, se poden, tamén ir un pouco máis aló e comentar nunha xunta de voceiros se nun futuro igual tamén sería posible que esta familia contase co nome dunha praza ou unha rúa no municipio.

Conclúe dicindo que o seu voto, evidentemente, vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaioito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

E) Moción do grupo municipal de EU contra a privatización do Rexistro Civil

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2860 o día 16 de abril de 2014, xunto cos rogos e coas preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O Rexistro Civil creouse no ano 1870 como consecuencia da revolución de 1868 que trouxo a I República co seu laicismo, separando a Igrexa do Estado, ata entón era só a Igrexa quen inscribía os nacementos.

O Goberno español, e en concreto o seu ministro de Xustiza, está tramitando un anteproxecto de lei para privatizar o Rexistro Civil, e traspasar esta competencia aos rexistradores da propiedade. Hai que lembrar que os rexistradores viron diminuír os seus ingresos co fin da burbulla inmobiliaria, e que o propio Mariano Rajoy é rexistrador da propiedade en excedencia.

As administracións públicas, central e autonómicas investiron nos últimos anos centos de millóns de euros para informatizar o Rexistro Civil, diñeiro que será regalado ou dilapidado con esta privatización.

Esta privatización suporá para a cidadanía graves prexuizos:

- Terán que pagar por servizos que ata a data eran gratuítos: inscricións de vodas, nacementos, defuncións, etc. Créase un novo copago ou repago.

- Terán que desprazarse para obter un servizo que ata agora se prestaba no seu municipio. Na maioría de municipios non existe Rexistro da Propiedade, e haberá que desprazarse a aquel municipio que o teña para poder realizar trámites imprescindibles para a vida de calquera. Ademais esta privatización suporá a desaparición da inmensa maioría dos xulgados de paz, ao privárselles da súa principal función, coa conseguinte perda de emprego público e de servizos de proximidade.

Polo exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre manifesta a necesidade de que o Rexistro Civil se manteña tal e como está na actualidade prestando un servizo gratuíto e público á cidadanía.

Segundo: O Concello de Cambre apoia e valora a necesidade de que os xulgados de paz continúen prestando os seus servizos de forma directa, sen ver diminuídos os seus recursos e competencias, e insta á sociedade e ao Goberno da Xunta de Galicia á defensa do Rexistro Civil como servizo público e gratuíto, que asegure a axilidade e facilitación dos trámites que debe realizar a cidadanía, asumindo as competencias de carácter executivo que corresponden ás CC.AA. nesta materia de conformidade co previsto na Lei 20/2011, de Rexistro Civil.

Terceiro: O Concello de Cambre insta ao Goberno Central á retirada do anteproxecto de lei do Ministerio de Xustiza que prevé a privatización do Rexistro Civil e impulsará a desaparición dos xulgados de paz.

Cuarto: Dar traslado destes acordos ao Goberno Central, aos diferentes grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, ao Goberno da Xunta de Galicia e aos/ás traballadores/as do Rexistro Civil de Cambre.”

Concedida a palabra a Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que dende o seu grupo queren manifestar que lles parece precipitado, imprudente, emitir un voto sobre un texto que presenta EU que se basea nun anteproxecto de lei que nin sequera ten sido ditaminado nin debatido en sede parlamentaria, nin foi obxecto de emendas nin de discusión pública.

Por outro lado, meténdose no texto da moción gustaríalle facer un par de puntualizacións, porque fanse unhas afirmacións que non son certas. Deixar constancia que o PP, dende o principio, quixo un modelo de gratuidade e ten deixado de manifesto que o 90% dos actos, en concreto os de inscrición obrigatoria, van seguir sendo gratuítos. O resto de actos inscribibles son actos privados que tamén noutro 80% dos casos van afectar a empresas e dende o seu grupo municipal teñen serias dúbidas que deban ser pagados por todos.

Por outra parte, o grupo popular está gratamente sorprendido de que sexa precisamente EU a que presenta esta moción, porque se hai un grupo que non está de

acordo con ela é precisamente o seu. É unha moción ilustrativa da facilidade coa cal o grupo nacional de IU cambia de parecer e de criterio segundo conveña.

A primeira regulación, a primeira reforma do Rexistro Civil tivo lugar no ano 2011, nin sequera entrou en vigor, e é o propio grupo de EU o que pediu ao Parlamento, a través dunha emenda á lei, que os rexistradores da propiedade sexan os que se encarguen de xestionar o rexistro e que se desvincule do poder xudicial. Alegan que iso suporá un aforro de custo respecto do sistema previsto e que a forma de levar as oficinas será máis eficiente se iso se fai a través de rexistradores da propiedade. Esa é unha moción que presentou IU no Parlamento.

Polo tanto, o voto do grupo popular vai ser abstención, polos motivos expresados. Tamén cren que nin sequera o voto de EU debería ser a prol da moción.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da iniciativa. Están completamente de acordo co seu contido e dille ao equipo de goberno que a eles si que lles recoñecerán que manteñen a mesma postura, están en contra da supresión dos rexistros civís.

Di que lamentan que teñan castigado aos cidadáns españois con ese pésimo ministro que ten convertido a Xustiza nun factor de desigualdade. Esta é unha máis dentro da escalada de desigualdade dentro da Xustiza que está introducindo o ministro Gallardón, primeiro o “taxazo” que impide á maior parte dos cidadáns deste país o acceso á Xustiza se non están ben dotados economicamente. A segunda a privatización dos rexistros civís. A terceira a modificación en cernes do Poder Xudicial que, como saben, vai suprimir xulgados, de tal forma que non só vai haber que trasladarse a facer xestións para inscribir a unha persoa no Rexistro Civil, senón que tamén para presentar demandas en primeira instancia van terse que trasladar de cidade, co que iso vai supor de custo para todos os cidadáns en materia de costas, salarios e honorarios dos profesionais da Xustiza. E poderían seguir, polo tanto, o seu voto vai ser absolutamente a prol.

Conclúe dicindo que eles cren que a Xustiza non soamente é un servizo público, senón que é un servizo público esencial que debe estar a disposición de calquera cidadán, con independencia da súa capacidade económica e do lugar onde viva.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta respecto de que lles pareza precipitado, que cando traen este tipo de mocións que entran en desconformidade co que pode ser a opinión dende o ámbito local con respecto das medidas que o PP aproba a nivel estatal e que lles afectan a todos, están acostumbrados a escoitar neste salón de plenos como o Goberno municipal lles sae “por peteneras”, como se adoita dicir normalmente, por exemplo dicindo que isto é un anteproxecto. Pois dilles que é un anteproxecto que se vai debater, que está enriba da mesa e que xa está levantando bastantes ampolas, de feito pide perdón por adiantado pola expresión que vai utilizar, pero é que neste momento non se lle ocorre outra, o tema de que a maioría dos actos van ser gratuítos é un “recúe”, non coñece outra palabra que recuar, que é o que fixo o Sr. Gallardón indicando que algún deles vai ser gratuíto, pero foi unha manifestación oral. Están falando dun anteproxecto e de propostas concretas.

Respecto da posición que ten EU, por que traen esta moción ou por que votan ou non votan, non sabe como din iso cando o PP municipal leva case tres anos sen ter o valor de votar centos de mocións que traen aquí e que entran en diatriba precisamente coas propostas que fai o PP. Non se atreven a votar a prol, senón que se absteñen. Abstéñense no tema do aborto, abstéñense co tema do Rexistro Civil, abstéñense. Ela pídelle que non, que voten a prol ou que voten en contra, que é o que teñen que facer se son coherentes co partido do que levan as iniciais.

Respecto desta moción, a postura de EU está moi clara e váillela explicar con datos, porque en ocasións, e ocorreu antes coa moción dos compañeiros do PSdeG-PSOE, este tipo de mocións parece que instan simplemente a que non se adopten medidas pola cor política que teñen, e non é así, aquí instan a que non se privatice o Rexistro Civil.

Están falando dunha postura moi clara, que é a que vai explicar e que é a contraria á que ten o PP, que non é abstención, é a contraria. O PP ten unha e EU ten outra, o que pasa é que se absteñen para quedar relativamente ben.

Di que no ano 2012 rexistráronse nos Rexistros Cívís 450000 nacementos, 400000 defuncións, 170000 matrimonios e 270000 xuras de nacionalidade. Isto se o suman son 1300000 rexistros gratuítos.

Se un rexistrador da propiedade, que todos saben como funcionan, que actúan como empresas e funcionan con aranceis, pasa a cobrar por ese millón trescentos mil rexistros gratuítos, a pouco que cobre 20 ou 30 euros por rexistro, están falando de que o Goberno do PP dáse conta de que aí hai entre 20 e 30 millóns de euros/ano que non se están cobrando. Din que van reformar o Rexistro para maximizar, pero non, é porque hai 30 millóns de euros que o Sr. Gallardón quere repartir entre os rexistradores da propiedade, que en España son 800 señores e señoras, sen contar a Mariano Rajoy que agora mesmo non exerce, 799 persoas que se van repartir entre 20 e 30 millóns de euros/ano.

Di que iso é o que supón o anteproxecto. E que non lle digan que lles parece precipitado, a ela o que lle parece precipitado é que sexan outra vez as persoas que teñen un fillo, que teñen un defunto, un estranxeiro que ten que facer unha xura de nacionalidade, os que teñan que pagarlle ao rexistrador da propiedade por unha xestión que ata o de agora era gratuíta. Iso é o que quere dicir a moción e esa é a postura de EU, e pídelle que non lle falen de posturas encontradas a ela, por favor.

Conclúe pedindo que voten a moción no sentido que é, e tamén lle pediría, podendo ser, ao grupo de goberno, que non se absteña, que se posicione, porque están da abstención do PP de Cambre non lles di ata onde.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que reitera que eles se absteñen polo que dixo, porque isto non é nin sequera un proxecto de lei, é un borrador, é un anteproxecto. Iso de que se van pagar polas inscricións rexistradas é algo que di EU, porque ela dilles que non, que non vai ser así, iso é faltar á verdade. Non

se vai pagar polo 90% das inscricións rexistradas, por moito que EU queira dicir e vender ou reiterar que si. Van seguir sendo gratuítas.

Conclúe dicindo que eles non votan sobre proxectos nin sobre cousas que non son concretas. Cando haxa un proxecto de lei e ese proxecto de lei se leve ao Parlamento, se EU trae a moción, eles manifestaranse, probablemente a prol, ou non, pero vendo sobre a realidade, non sobre conxecturas.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que non hai cousa que máis lle amole no mundo que lle chamen mentireira. Vailles ler, porque sabe perfectamente o que é empresa privada e o que é empresa pública, o que di o real decreto que regula aos rexistradores da propiedade. Ese real decreto fala de que os prezos que aplican os rexistradores da propiedade chámanse aranceis, e que os aranceis se determinarán a un nivel que permita a cobertura dos gastos de funcionamento e conservación das oficinas dos rexistradores da propiedade na que se realicen as actividades, incluída a súa retribución profesional.

Conclúe dicindo que o que é o mesmo, van cobrar polas xestións, ou pregúntalle á Sra. concelleira do PP se lle quere dicir que un rexistrador da propiedade vai ler iso e vai dicir que o vai facer de maneira gratuítas porque é unha ONG.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 633, do día 28 de marzo de 2014, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 31 de marzo ao 11 de abril, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 822, do día 21 de abril de 2014, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Comparecer no procedemento citado, recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario número 0000063/2014/S, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao letrado-asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña don Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo: Comunicarlle a presente designación ao letrado mencionado, e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

Terceiro: Remitir o expediente administrativo referido ao Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña. Notificarlle o presente acordo de remisión do expediente á Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa.”

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/2883 o día 21 de abril de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Anceis a grave situación de perigo para peóns e vehículos existente no lugar de Seoane, no redor dun terreo lindeiro coas instalacións de Talleres Santiso. Parece ser que se ten afondado indebidamente a cuneta neste lugar o que, como consecuencia da estreiteza do camiño municipal, xera inseguridade para a circulación nesa zona. De feito, segundo se nos comunica, un vehículo caeu no foxo existente.

Por todo iso:

Solicitamos se proceda, con toda a urxencia, ao recheo e reposición da cuneta ao seu primitivo estado.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, informa que xa se encheu. O problema foi ocasionado por un particular no seu terreo. Incoúselle expediente e xa teñen constatación de que encheu a cuneta. Queda pendente que os técnicos municipais revisen se quedou o traballo conforme ou se lle teñen que reclamar algunha cousa máis.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, indica que polo que lle comentan os veciños, a zona está valada dende o mes de decembro e pide, por favor, que se termine pronto para eliminar os valos e demais.

2º Dende decembro de 2012 veciños de Pontido e Pite veñen demandando do concello medidas de seguridade viaria na estrada N-550, en concreto un paso de peóns á altura do Pk.11, no lugar onde existen dúas marquesiñas, situadas en ambos sentidos da circulación.

Esta demanda foi respondida polo Sr. alcalde no sentido de dar traslado da solicitude á entidade responsable da citada vía, en concreto á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Como lle consta ao Goberno municipal, este organismo autorizou o paso de peóns solicitado, se ben supeditado á instalación, tamén, dun semáforo e a que os custos xerados por estes traballos foran asumidos, na súa totalidade, polo Concello de Cambre.

Segundo informacións obtidas por este grupo, o custo total dos traballos precisos para garantir a seguridade viaria demandada polos veciños ascendería a uns 15000 euros, suma perfectamente asumible polo orzamento municipal.

Por todo iso:

Solicitamos se leven a cabo as xestións precisas para executar, dunha vez por todas e coa máxima urxencia, os traballos anteriormente sinalados, destinados a dotar de seguridade viaria á zona.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que non sabe de onde saíron eses datos que teñen, dende logo el non os ten, pero o que se está facendo é elaborar un proxecto e ao mesmo tempo intentar premer ao Ministerio de Fomento, xa que parece que van comezar as obras da rotonda da Rocha en breve, aínda que diso ten máis información o Sr. alcalde, e van intentar que lles fagan unhas sendas peonís polo menos ata o cruzamento da igrexa, dende a Rocha, porque se non é así tampouco ten moito sentido poñer un semáforo, un paso de peóns, entre cuneta e cuneta. Di que o normal é que haxa unha senda, unhas beirarrúas para que a xente poida ir pola beira da estrada, agora mesmo vai pola beiravía malamente.

Se non llelo resolve Fomento coas obras que teñen previsto comezar antes de fin de ano, terán que ver e mirar de que forma van redactando dende o concello un proxecto para poñer ese semáforo, pero reitera que hai que facer unhas sendas ao mesmo tempo, non facer un cruzamento que non teña continuidade.

Conclúe dicindo que están a preparalo e que tan pronto o teña poden velo sen ningún problema.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSde G-PSOE, explica que a cantidade vén das manifestacións que se fixeron por parte de técnicos da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia á cal el mesmo, xunto cos veciños, se dirixiu. O que xa resulta bastante sorprendente é que unha medida como esta que se vén demandando e que é necesaria a todas luces, xa non só a Demarcación de Estradas non a execute, senón que diga que ten que ser o concello quen se faga cargo. En todo caso, é urxente facelo.

Fala o concelleiro de Obras de que se vai facer a modificación da glorieta da Rocha, e farase cando se faga. Que as obras teñen previsto comezar a finais de ano, pero están falando disto a finais de abril do 2014 e finais de ano é dentro de 8 meses. El cre que este é un tema que non se pode dilatar máis. Esas dúas paradas de autobús, como o Sr. concelleiro moi ben sabe, as utilizan os nenos para coller o autobús escolar, os nenos e as nais, o investimento non é moi grande e incluso consta, o Sr. alcalde o sabe e el non sabe se tamén ao Sr. concelleiro lle consta, que hai autorización da Demarcación de Estradas do Estado para executar esa obra.

Di que é un problema de vontade, de conseguir quince, dezaseis, o que sexa, non o saben, pero uns 15000 euros para executar esa obra, non pode dilatarse iso 8 meses máis, porque é absolutamente necesario.

Dixo o Sr. Marante que alí se queren facer unhas sendas, pero de todas formas dilles que teñan en conta a beiravía que hai, porque hai unha cuneta para conducir as pluviais, pero tamén hai entre a liña exterior da calzada e a cuneta un paso de peóns dun metro e pico, tanto nun lado como noutro. Hai espazo suficiente para poder circular, de feito, iso é o que ten en conta a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para permitir a colocación do paso de peóns, se non houbera esa cuneta non permitiría a instalación dese paso de peóns.

Segue dicindo que se teñen todo iso e son uns 14000 euros, o único que falta é a vontade do Goberno para executalo á máxima urxencia. Se despois vén unha beirarrúa en condicións, unha senda peonil ou o que sexa, perfecto, pódese incluso prever onde se van situar os semáforos, pero pide que se execute iso coa máxima urxencia. Non se pode demorar máis, nin polo importe que a obra leva consigo, nin sobre todo tendo en conta que o día menos pensado vai haber un accidente, con atropelados, como xa houbo por alí. Ou sexa, non se pode agardar a que outras administracións alleas á realidade de Cambre, sen sensibilidade polos problemas de Cambre, lles estean toureando. Hai que coller isto con urxencia, con vontade de resolver un problema grave.

Conclúe dicindo que por iso o expoñen así, non se pode demorar, non se poden buscar excusas doutras administracións nin nada, hai que facelo e xa.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el ao que se compromete co Sr. Rey é a que se por 15000 euros se instalan os semáforos e se fai o paso de peóns, tan pronto como se aproben os orzamentos comprométese a contratalo. Se con 15000 euros se fai esa obra para poñer os semáforos e facer o paso de peóns, entón sen problema ningún. Pero dille que teña en conta que hai que cruzar a estrada cos cables dos semáforos por debaixo da estrada, e iso custa un diñeiro, porque seguramente terán que facelo cun topo e ao mellor o topo xa custa eses 15000 euros.

Pídelles que sexan un pouco serios, de verdade que teñen o mesmo interese que poidan ter eles e todos os membros da Corporación, outras veces trouxo UxC o mesmo tema, e todos os membros da Corporación están totalmente de acordo en que é un sitio perigoso e que hai que sanealo o antes posible, que hai que dotalo de medidas de seguridade o antes posible.

Di que isto non é dos últimos tres anos, que xa vén de atrás. Quere dicirlles que a urxencia vanlla dar, e xa lles di tamén que se esta obra, a de instalación dos semáforos e paso de peóns se fai por 15000 euros, poñen o tema e tan pronto se aproben os orzamentos se contrata, sen problema ningún. Agora ben, moito dubida que sexa así a cousa.

Don Augusto Rey Moreno dille que non se vai xogar con el unhas cuncas sobre se son 15, 16, 25 ou 14, non é serio, aquí hai un problema e hai que resolvelo, custe o que custe, e o Sr. concelleiro ten os técnicos para saber o que custa iso.

Don Manuel Marante Gómez dille que está agardando a que lle dean unha valoración, para despois decidir, pero ten que ter a valoración antes.

Don Augusto Rey Moreno di que o entende, unha valoración, e haberá que sacalo a contratación e todo o demais, co cal xa se meten no tempo no que se meten, porque xa saben as contratacións o que tardan neste e noutros concellos tamén.

Di que o que é certo é que aquí houbo conversas previas, de feito o Sr. alcalde recibunos, e incluso lles comentou a posibilidade duns semáforos que estaban sen utilización á altura do Seixal e que daban paso a Vila Concepción, que incluso había posibilidade de que a Demarcación de Estradas llelos cedera para instalalos. Non puido ser, ben, pero o certo é que o problema segue aí, e o único que pide, e os veciños o único que piden, é que o Goberno teña sensibilidade para un tema tan importante de seguridade viaria. Todos os problemas de seguridade viaria son importantes, pero este en concreto pensa que é o máis urxente que existe no concello.

Polo tanto, pídelles que tiren para adiante co proxecto, que busquen a partida orzamentaria, pero que se poñan en marcha. A primeira reunión cos veciños foi en decembro de 2012, están falando de ano e medio, se non se equivoca. Trátase de facelo e é ao único que urxe e pon na súa consideración.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que están de acordo na urxencia de resolver o problema e pola súa parte dille que non dubide de que vai haber o máximo interese en resolvelo o antes posible.

Don Augusto Rey Moreno solicita que lle teña informado de todos os pasos que se dean nese sentido, en canto á elaboración do proxecto e todo iso. Cre que, nese sentido, por enriba das diferenzas entre o Goberno e oposición está a solución dun problema, niso cre que coinciden.

Don Manuel Marante Gómez responde que niso el non ten ningún problema.

3º Dende o inicio desta lexislatura este grupo municipal ten presentado reiteradas iniciativas demandando do Goberno municipal a adopción de medidas para resolver o gran problema que temos en materia de seguridade viaria e, en especial, cos pasos de peóns, onde se teñen producido gran número de atropelos, en varios casos, con resultado de morte. Recentemente tense producido outro máis no paso existente no centro de Cambre, diante da cafetería Morás.

Por todo iso:

Solicitamos se dean as ordes oportunas para extremar as medidas de control policial, destinadas a garantir a visibilidade e bo uso destas medidas de seguridade viaria.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o DTC que pretendían presentar a este pleno e que se retirou da orde do día polos motivos que todos coñecen, vai precisamente enfocado basicamente á seguridade viaria, tanto aquí no centro de Cambre, como na actuación que se vai facer na zona do Paraugas, no Temple. Aquí no centro de Cambre concretamente van facerse seis pasos sobreelevados nas entradas ao núcleo.

Tamén están encargados de hai días unha partida de captafaros, ollos de gato, para ir sinalizando tamén outras zonas, outros pasos de peóns onde vexan que son necesarios ou que é necesario fortalecelos para que sexan visibles polos automobilistas.

Ademais hai un informe do 2013 da Policía local, con distintas achegas para resolver estes temas, fundamentalmente en distintos pasos de peóns. Algunhas cousas xa están resoltas, outras resolveranse nestes proxectos, e algunhas outras están sen resolver, pero di que están intentando, na medida do posible, actuar o antes posible naqueles sitios máis conflictivos.

De cara a eses captafaros dos que falou, dilles que se saben dalgún paso de peóns nalgún sitio por aí no que vexan que non se instalan e consideran que son necesarios, calquera dos grupos aquí presentes teñen o seu teléfono para chamalo e ver entre todos como poden facer co obxecto de mellorar a seguridade dos veciños.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que agardarán a que lles cheguen os proxectos do DTC.

Don Manuel Marante Gómez contesta que os proxectos deberían telos, porque o outro día se pasaron, outra cousa é que non se aprobaran porque faltaba documentación e que tiveran que quedar para un pleno extraordinario antes do 19 de maio. En todo caso, os teñan ou non os teñan, dilles que van nesa liña.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/2877 o día 21 de abril de 2014.

1º O 5 de setembro aprobouse unha moción presentada polo noso grupo municipal relativa ao Festival Brincadeira Rock in Cambre, nesta moción que foi aprobada acordábase:

“Que se remita ao Consello de Contas de Galicia, na súa función fiscalizadora prevista na Lei 6/1985, do 24 de xuño, e á Fiscalía, polas connotacións que a xestión ten sobre fondos públicos, o convenio, e a súa xestión, do ‘Brincadeira Rock in Cambre Festival’

realizado no ano 2012. Trasadándolles o expediente completo á data de presentación desta moción. Para o seu exame e avaliación.

Solicitamos se nos informe se por parte da Fiscalía ou do Consello de Contas se puxeron en contacto co Goberno municipal ou funcionarios deste concello respecto deste tema.

O Sr. alcalde contesta que efectivamente o Consello de Contas remitiulles un escrito o 26 de novembro de 2013, dicindo que non tiña competencia neste tema e que, no caso de considerar que os feitos puideran ser constitutivos de responsabilidade contable, o Concello pode trasladar a súa petición ao dito tribunal, ou se prefire exercitar perante o mesmo a acción demandante e pertinente. Di que ten o escrito e que se o quere non hai ningún problema.

Por parte da Fiscalía simplemente mandaron un escrito, ao cal se contestou, para pedir a identidade da persoa designada polo Concello para ceder os extractos da conta bancaria.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que quere lerlle ao Sr. alcalde unha parte da moción presentada, a parte onde pedían que se remitira ao Consello de Contas de Galicia e á Fiscalía o convenio e a xestión do Brincadeira Rock in Cambre. Ese era o apartado número 1, o quinto dicía que se mantivera informados aos grupos da oposición de todos os procesos que leva consigo este expediente. Unha vez máis, se non traen isto, nada, dende novembro de 2013. Non sabe cando foi o da Fiscalía.

O Sr. alcalde pídelle, por favor, que lea outra vez o punto.

Don Óscar Alfonso García Patiño dá novamente lectura ao punto que di: “Manter informados aos grupos da oposición de todos os procesos que leva consigo ese expediente”.

O Sr. alcalde dille que UxC pediu nunha moción aprobada a finais do 2012 que se lle remitira á Fiscalía e ao Consello de Contas todo o expediente do Festival Rock in Cambre-Brincadeira. Así foi feito, pero non houbo máis actuacións, simplemente que o Consello de Contas lles di que non é competente, non hai actuacións, nin procesos, nin historias. E a Fiscalía Provincial da Coruña, no mes de xaneiro, o que pide que se lle remita a identidade da persoa ou persoas que teñen acceso á conta bancaria, pero non hai máis procedemento, pregúntalle de que quere que lle informe.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que disto.

O Sr. alcalde dille que lles pediron unha documentación, e pregúntalle se cada vez que lle piden unha documentación o ten que chamar e dicirlle que lle pediron documentación da Fiscalía. Non hai proceso, que é o que di aí, non hai ningún proceso en marcha, simplemente unha petición de documentación a maiores, nada máis. De momento o tema está sen resolver.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que non lle pide que o chame, que lle pide que llo remita, simplemente por un correo electrónico, onde lle digan que da Fiscalía lles chegou iso, ou do Consello de Contas, porque UxC achegou documentación que o Concello non achegou, cando debería telo feito.

Polo tanto, di que queren estar informados do día a día do que está pasando con este tema. Simplemente din iso, e mañá pedirán por escrito toda a documentación que teña relativo a este tema.

O Sr. alcalde manifesta que non fai falta que a pida por escrito, que a ten á súa disposición.

Don Óscar Alfonso García Patiño agradece e di que mañá pasarán a recollela.

O Sr. alcalde engade que non sabe que documentación é a que achegou UxC que o concello non lle remitira á Fiscalía. Pregunta que lle trata de dicir con iso, porque eles remitiron o expediente enteiro.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que se esqueceron de mandarlle os informes de Intervención.

O Sr. alcalde di que llo pode demostrar e que no primeiro paquete de información que lle mandaron, tanto ao Consello de Contas como á Fiscalía, ía o informe de Intervención, e volveron a pedilo.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que no punto terceiro da moción pedían que se entregase aos grupos da oposición copia dilixenciada da documentación remitida ao Consello de Contas e á Fiscalía. A eles, cando lles entregaron esa documentación non ía o informe de Intervención. No que lle pasaron a UxC, e o Partido Socialista está dicindo o mesmo, non ía esa información, polo tanto, se o Goberno a eles non lles dixo que levaron ese informe á Fiscalía e ao Consello de Contas, eles colleron e o levaron eles, UxC, e iso pode demostrarllo cando queira.

O Sr. alcalde expón que el non vai discutir se esa información estaba no expediente que se lle mandou aos grupos, ou non. Non o vai discutir, non é un asunto de esquecerse da documentación ou non, el está convencido e ademais o pode demostrar, que esa documentación, que era a que UxC pedía, se lle mandou tanto ao Consello de Contas como á Fiscalía, e punto.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que lle gustaría que llo demostrara.

O Sr. alcalde contesta que de acordo, que llo demostrará.

2º No pleno de novembro de 2013 a concelleira de Urbanismo comenta que teñen contratado un técnico para redactar un proxecto de urbanización para solucionar os problemas nas rúas Abeleira e Martín Codax, transcorridos 5 meses solicitamos información sobre este proxecto e cando teñen previsto executalo.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que nestes momentos os técnicos municipais están informando o proxecto que xa se presentou. No momento no que os informes sexan favorables, pasarán automaticamente á súa contratación.

Conclúe dicindo que non lles pode dicir prazos, pero que intentarán que sexa á maior brevidade posible.

3º Formando parte do contrato do Plan xeral, hai un cronograma onde se distinguen entre os tempos de redacción e os tempos de tramitación.

Este documento demostra que para as dúas primeiras fases prevíase utilizar 20 meses e xa pasaron 43. Isto quere dicir que se superou o prazo en 23 meses. Destes 23 meses de atraso, 10 corresponden á parte da redacción (corresponde á empresa) e 13 á parte de tramitación (xestións que ten que facer o concello).

Solicitamos se nos informe de cales son as razóns de que se pasase dunha previsión de 9 a 22 meses nas xestións que tiña que realizarse dende o concello.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, pídelle ao voceiro de UxC que lle aclare este rogo, porque en varias ocasións dende o grupo de goberno lles deron explicacións, tanto públicas como aos voceiros dos grupos, dos motivos dos atrasos e dos traballos que se estaban facendo dende o municipio. Di que por iso non sabe se o que lle está pedindo é un cronograma de todas as fases que se levaron a cabo dende o momento no que se contratou á empresa redactora do proxecto ata o día de hoxe.

Se iso é así tamén quixera aclararlle que se ela lle di, por exemplo, que o documento de inicio corrixido se presenta de novo o 1 de xuño de 2011, volvendo ser defectuoso segundo informe da arquitecta municipal de 19 de setembro de 2011, resulta que nesa fase pérdense 2 meses e medio. Entende que ese cronograma tería que vir acompañado da explicación de que pasou neses 2 meses e medio, porque, por exemplo, nesa época podería ser posible que estiveran tamén co Plan Arume, que tamén lles levou un montón de tempo.

Reitera que lle gustaría que lle aclarase ese punto porque non ten moi claro cal é o rogo.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que isto se refire a que formando parte do contrato existe un cronograma, ese cronograma pon que o documento de inicio ten de prazo para redacción catro meses e para tramitación cinco, polo tanto, nove meses en total, que é o que estimaban eles. Realmente tardaron sete meses máis, de nove pasaron a dezaseis. E na parte da documentación do documento de inicio previo, a redacción eran sete meses e a tramitación catro, un total de once meses. Di que levan vinte e sete meses e, polo tanto, entre os dezaseis e os vinte e sete, un total de corenta e tres meses respecto dos vinte previstos no contrato.

Na redacción do documento de inicio son dous meses de atraso e en redacción do documento de inicio previo son oito meses de atraso. Son doce meses que correspondían ao concello e trece á empresa adxudicataria.

De todas formas dille que el vaille pasar o cronograma, que a Sra. concelleira xa ten porque forma parte do contrato, e aí pode ver porque UxC se refire a eses doce meses e a eses trece meses.

Continúa dicindo que o Goberno está dicindo en prensa que a empresa se atrasou, eles o entenden perfectamente. Iso o dixeron, e tamén que lle ían rescindir o contrato, logo que non, non te quero e agora quérote moito, iso xa o entenden, e quérote cinco meses, xa verán a partir deses cinco meses.

O que están preguntando aquí é por que no concello se atrasa doce meses, esa é a pregunta, que lles expliquen por que se atrasaron doce meses en tramitar dende o concello o que tiñan que facer.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que iso é o que ela quería que lle aclarase. Pídelle que lle dea un pouco máis de tempo, porque dentro deses meses está ese exemplo que lle puxo, que o verá no cronograma, dous meses e medio. É posible que nese tempo tamén tiveran que estar executando, por exemplo, o Plan Arume, que xa lle dixo que é un proxecto que consumiu bastante tempo a Urbanismo.

Por iso, se o que lle pide é un cronograma de datas, ela non ten ningún problema. Pídelle un pouco máis de tempo, porque lle irá indicando, á parte das contas que o Goberno fai e que non coinciden exactamente coas que fai UxC, os motivos de que, ao mellor, nesas datas haxa dous meses e medio de atraso.

É certo que levan atraso, pero dille ao Sr. García Patiño que tamén ten que entender que non só traballan para o Plan xeral. Urbanismo, á parte do Plan xeral, ten outros informes e outros proxectos que informar.

Conclúe dicindo que se non lle importa, ela faralle chegar un cronograma con todas as datas, con todos os tempos, e se entende que nalgúns deses tempos Urbanismo tivo que facer outras xestións que tamén levaron o seu tempo, tamén llo vai indicar.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que lle rogaría dúas cousas. Unha, el este cronograma que lle acaba de pasar váillelo pasar a todos os grupos da oposición para que saiban de que están falando, e a mesma contestación gustaríalle que lla dera a todos os membros da oposición. E, en segundo lugar, gustaríalle que lles pasara o novo cronograma que cre que existe, ou polo menos na prensa de hoxe di que presentaron un novo cronograma. Se mañá pode dispor del, agradeceríallo.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que se atenden as peticións e se lle mandará a resposta a todos os voceiros.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/2860 o día 16 de abril de 2014, xunto coas mocións e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Segundo nos consta por información que se nos traslada a miúdo ao noso grupo municipal, o aseo de uso público recentemente colocado no parque Ramón Barba do Temple, solicitado polo noso grupo municipal, tivo e ten unha moi boa acollida entre os usuarios do parque. Igualmente estannos a chegar múltiples demandas relativas á instalación doutro aseo público no parque infantil situado no paseo marítimo do Temple. Son moitísimas as persoas que diariamente dan uso desta zona de xogos e dende EU queremos dar traslado ao Goberno desta demanda.

Pregamos se instale un aseo público no parque infantil do paseo marítimo do Temple.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que isto xa está falado para instalalo. Tamén a eles lles chegaron ultimamente unhas queixas polo tema do aseo e vaise instalar, seguramente estes días.

2º Pregamos nos informen da xuntanza mantida polo concelleiro delegado de Deportes, Xuventude e Voluntariado coa directora de Mobilidade, respecto dos diferentes problemas existentes co transporte público no concello.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuídas as competencias de transporte, explica que nesa reunión, á que non só acudiu el como representante do concello senón que acudiron outros concellos limítrofes, como Culleredo e Carral, deron traslado das queixas existentes sobre a modificación que aprobou a Xunta o 11 de xaneiro.

Nesa reunión, na que tamén estaba presente a empresa, comunicáronlle que había unha serie de rutas respecto das que a intención do Goberno municipal era que volveran á súa orixe, anterior ao 11 de xaneiro. No caso da número 179 contestáronlles claramente que non ía volver, pero si aceptaron outras propostas.

Conclúe dicindo que o punto no que se atopan agora é que están redactando o acordo, teñen que envialo ao concello de maneira oficial e despois, o concello presentará alegacións se o estima oportuno, se entenden que non se recolleron todas as propostas que fixo o Goberno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, sinala que do que lles está informando é das modificacións que propuxo a Xunta, que foron motivo basicamente da xuntanza, pero hai outras cuestións que inflúen moi directamente na utilización do transporte público no concello, incluso a persoas con discapacidade, neste caso as máis vulnerables. Di que se está referindo a se o Goberno non falou das plataformas dos autobuses, porque había un autobús que agora está suprimido e que era o único que tiña plataforma. Pregunta que pasa con esas persoas que teñen que desprazarse e que non teñen maneira de coller un autobús. Pregunta se as teñen abandonadas, se non se vai reivindicar que eses autobuses melloren, porque noutros concellos si que existen iso e si que ao mellor hai outros autobuses que teñen ese servizo mentres Cambre non conta con el.

Pregunta ao Sr. Caride se lle pode informar sobre este tema e se o expuxeron.

Don Fernando Caride Suárez contesta que si foi un tema que se tratou na reunión. Do que se lles informou é de que actualmente no contrato que ten a empresa non se lle esixe. O servizo que estaban prestando os vehículos que dispoñían de plataforma elevadora era de maneira voluntaria por parte da empresa. A demanda doutros concellos, ese vehículo que teñen dotado de plataforma elevadora foron rotándoo polos distintos concellos, é dicir, non é que haxa un concello que o teña porque o deixara de ter Cambre, simplemente que a empresa dotou dese dispositivo a un vehículo co fin de mellorar o servizo, e por demanda de usuarios agora teñen que mobilizalo para outros concellos.

É unha esixencia que o Goberno tamén entende que é necesaria pero, polo momento, dado que o contrato que mantén a empresa está en vigor, non se pode incluír como unha obrigatoriedade.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que está claro que neste caso a Xunta de Galicia a quen intenta beneficiar é aos empresarios do transporte e prexudicar aos usuarios, iso está clarísimo. A Xunta, a pesar da demanda que está xurdindo, non lle esixe á empresa que os autobuses se adapten con plataformas para poder transportar a esas persoas. Está claro que son máis ou menos sempre os mesmos, os empresarios e os dirixentes da Xunta de Galicia e a propia administración da Xunta.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que non vai ser el o que defenda á empresa, nin moito menos co conflito que actualmente teñen dende o Goberno municipal con ela pola supresión das liñas, pero o que lle dixo é verdade, foi a empresa a que de motu propio dotou, sen obrigatoriedade por parte de ninguén e co fin de prestar un bo servizo, a plataforma. A alegoría que acaba de facer o Sr. Taibo non a entende, de verdade.

Ante as manifestación do voceiro de EU, o Sr. alcalde toma a palabra para sinalar que cre que o rogo está contestado, houbo dúplica, réplica e demais. El simplemente quere dicirlle ao Sr. Taibo que, polo que el sabe, ese autobús está rotando por outros concellos. El pediulle a Asicasa que dotara un autobús permanente en Cambre cunha plataforma e díxolle que o ía estudar, el falouno persoalmente con don Arturo Míguez. Di que van darlle uns días para que o estude, igual que están co troco do autobús circular para que, a ser posible, faga máis percorrido por máis parroquias e así prestar mellor servizo.

Dilles que eles saben que esta é unha vella reivindicación que EU, o PSdeG-PSOE, cre que todos os grupos trouxeron aquí, porque hai sitios nos que o circular non vai porque a ruta está mal trazada. Eles teñen presentado unha proposta para cambiar esas rutas e que percorra máis sitios entrando nas parroquias. Cre que incluso é beneficioso para Asicasa, e así o recoñeceu. Están pendentos simplemente de que Mobilidade lles autorice a facer ese troco, nada máis.

En canto ao rogo, el cre que o Sr. Taibo pide unha información, eles danlla, e informarán a todos en canto estea solucionado o asunto, porque dilles de verdade que é do seu interese solucionalo canto antes.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a contestación do Sr. alcalde, que di que complementa bastante a ofrecida polo Sr. Caride.

O Sr. alcalde explícalle que nas conversas estaba o Sr. Caride con el, incluso foi o concelleiro o que puxo a carne sobre o asador, o que pasa é que ao mellor se limita a contestarlle ao que lle pregunta, ao rogo. El amplioulle a información que teñen e agarda que isto se resolva xa, porque son moitos meses pelexando. Por unha parte eles non poden incidir no asunto porque o Goberno municipal non o pode solucionar, quen o ten que solucionar é a Xunta, e no medio está a empresa de transportes. É unha pelexa moi difícil de levar a cabo, porque por moito que fagan escritos e dean puñadas enriba da mesa, a pelexa está entre a empresa de transporte e a Xunta.

Todos teñen que ser conscientes diso, a eles cólleos no medio, e teñen que esixirilles as cousas, é o que están facendo, tanto a Mobilidade como á empresa que, nese sentido, está cedendo en bastantes cousas das que lle pediron.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que cando el fai unha pregunta é para que se lle conteste na medida en que se teña información, porque EU non hai moito tempo trouxo a un pleno o tema da ampliación do transporte circular na zona dos Coruxos, en San Lourenzo, e tampouco se lles dixo nada. Non sabe se faláron desas cousas.

Di que a pregunta é moi clara, en que termos se desenvolveron esas conversacións, porque desas cousas non lles informan e el non sabe se o faláron. A resposta que lles deron cando se preguntou no pleno é que se ían facer as xestións, e el non sabe se as fixeron ou non, por iso preguntaba. A contestación foi que darían traslado á empresa e non sabe se deron traslado ou non o deron. Estase referindo á parada dos Coruxos, en San Lourenzo, que é unha demanda dos veciños.

Don Fernando Caride Suárez contesta que nunha das reunións déuselle traslado á empresa.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que traslado e punto.

O Sr. alcalde manifesta que hai uns itinerarios feitos de acordo coa empresa, o que falta é que a Xunta lle dea autorización á empresa para poder facelos, nada máis.

3º O pasado día 10 deron comezo as obras para executar o proxecto de ampliación da ponte do Burgo. En vista de que a marquesiña da parada do bus situada nas inmediacións foi retirada como consecuencia dun accidente e transcorridos aproximadamente dous meses non se ten repostado a infraestrutura, recoñecendo o Goberno a dificultade para habilitar un espazo para nova colocación.

Polo exposto pregamos ao Goberno que solicite información e estudos sobre a posibilidade de habilitar un novo espazo para instalación da marquesiña no contorno do Paraugas se o propio proxecto e as condicións da obra o permiten.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que é do que falaban antes. No proxecto do DTC deste ano vai incluída unha parte dese proxecto

para atender esa zona. Vaise correr a parada un pouco máis adiante, ata a entrada á Praza da Ría e arranxar esas beirarrúas da man dereita, tanto as beirarrúas como a rede de pluviais e fecais, que aí teñen algún problema, ata o colexio Portofaro dende o Paraugas. Polo outro lado dende o Paraugas ata o edificio último que se fixo en fronte do Portofaro tamén se vai facer unha actuación para ordenar un pouco aquelas beirarrúas. A parada do bus vai quedar onde está a entrada á Praza da Ría.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que iso é o que se tiña anticipado aquí polo Sr. concelleiro.

Don Manuel Marante Gómez di que está no proxecto do DTC.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que se falaba de que ao mellor non habería outro remedio que suprimir algunhas prazas de aparcamento para poder poñer a marquesiña. El cre que o autobús alí incluso pode resultar algo perigoso porque en certos momentos pode colapsar a circulación.

O rogo refírese concretamente ao contorno onde se está actuando actualmente, ver se a marquesiña podería ir alí. El di isto no ánimo de facilitar un pouco a cuestión, porque ao mellor falando cos técnicos a marquesiña poderíase poñer en torno ao Paraugas, onde están agora os contedores, aí o autobús retiraríase da vía de circulación e a marquesiña non molestaría. Parécelle o sitio máis adecuado, e non é que lle pareza a el, é o que lle parece aos veciños da zona. Sería onde están os contedores, moi preto da Casa Leonardo, o autobús pasaría o Paraugas, meteríase a man dereita, non molestaría á circulación e a marquesiña alí tampouco.

Baixo o seu punto de vista é o sitio máis adecuado e habería que consultalo cos técnicos a ver se é viable. Para el outro sitio ten as súas dúbidas de que sexa o máis axeitado.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el non lles deu orde aos técnicos que redactaron o proxecto para poñer a marquesiña en ningún sitio, pediulles que buscaran o sitio máis adecuado para resolver o problema que teñen coa parada do bus alí, co cruzamento do paso de peóns por diante do bus, etc., que lle buscaran un sitio seguro á parada.

Explica que se vai remodelar toda a beirarrúa que vén pola marxe dereita da circulación cara a Cambre, aquel sobreancho que hai por onde está o taller ou oficinas do Paraugas, en fronte aos Templarios, vaise recortar a beirarrúa para aparcamentos, vaise modificar a colocación do paso de peóns e vaise meter unha lágrima de saída na Praza da Ría para evitar precisamente que aparquen alí na esquina e haxa problemas.

Despois de pasar a entrada á Praza da Ría, onde están os contedores, é onde vai ir a parada do bus, porque é onde opinan os técnicos que é o mellor sitio para poñela. Tamén queda fóra da estrada, non queda tan lonxe e queda fóra totalmente da rotonda que se vai facer. Di que o propuxeron os técnicos, que el non lles mandou poñela en ningún lado, só lles dixo que había que resolver o problema da mellor maneira posible e eles entenden que é así.

Don Luis Miguel Taibo Casás preguntalle se alí non hai que suprimir ningunha praza de aparcamento.

Don Manuel Marante Gómez di que hai que suprimir algunha onde vai aparcar o bus, pero vanse xerar outras na anterior beirarrúa, porque agora hai un tramo alí, longo, onde non poden aparcar, onde precisamente os veciños se queixan de que lles aparcan os coches enriba da beirarrúa, nun sobreancho que non ten moita utilidade. Di que se van gañar aí as que se perden máis adiante.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que da maneira que eles están propoñendo, que non sabe se é viable, poderíanse gañar aí onde di o Sr. concelleiro, e manter as de máis adiante.

Don Manuel Marante Gómez contesta que estalle dicindo que se os técnicos trasladan a parada cara adiante será porque a outra zona está metida na saída da rotonda e seguramente sería unha torpeza para o tráfico, con perigo para o autobús, os coches, etc. Se a correron para adiante será por algo, porque agora a rotonda vai chegar moito máis adiante de onde estaba o semáforo para entrar a Cambre, a rotonda vai moito máis alá, e se hai pouco sitio non vai parar o autobús xusto saíndo da rotonda.

Conclúe dicindo que os técnicos o propuxeron así, e a el parécelle que é a situación adecuada, está basicamente de acordo con eles, pero foron eles os que o propuxeron.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/2884 o día 21 de abril de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai retirar os rogos presentados.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2883 o día 21 de abril de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Un veciño residente nas inmediacións da igrexa de San Xoán de Anceis ten cedido ao concello parte do seu terreo, en concreto unha tira, aproximadamente duns cincuenta metros lineais por cinco de profundidade, co fin de xerar un espazo de aparcamento destinado a dar servizo aos vehículos que asistan ás cerimoniais relixiosas na citada igrexa.

Por todo iso este grupo pregunta:

Cando se teñen previsto levar a cabo os traballos de arranxo do citado espazo, para crear a zona de aparcamento que demandan os veciños?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que cincuenta metros é un pouco esaxerado, é algo menos. Di que cando se empezou a facer a actuación de toda a zona desa estrada ata a igrexa, houbo veciños que empezaron a pedir cousas, e eles foron aumentando e aumentando partidas e chegaron ao límite. Iso non estaba previsto porque esa xente non tiña nada cedido, pero a través da asociación de veciños e cultural que hai en Anceis estiveron comentando o asunto e dixéronlles que falaran con esa xente, porque se o podían ampliar sempre ía ser mellor, de feito ampliouse en varias zonas alí. Pero chegaron ao límite e quedou pendente ese señor desa parcela que veu facer o documento de cesión ao concello para ceder o terreo que lle correspondería ceder se tivera que pechar a súa parcela.

Hai outra parcela que é a que chega ata o cruzamento de arriba, o que vén por Seoane, e que é doutro propietario que tamén quedou de vir, pero que aínda non veu. A idea é que tan pronto teñan as dúas cesións, facer unha actuación para poder levar o aglomerado e non deixalo en terra.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que llo di porque incluso ese veciño xa ten feito o peche e retranqueado, deixando libre a zona de cesión, pregunta entón se xa está documentado.

Don Manuel Marante Gómez responde que si, que falta o outro.

2ª A escola unitaria de San Bartolomeu, en Pravio, presenta un pequeno patio de recreo en condicións moi deterioradas, a metade do patio está valado e con chan de caucho mentres que a outra metade aínda presenta chan de grava, os bambáns están moi deteriorados e os nenos carecen de cuberta para saír os días de choiva. Por iso este grupo pregunta: Ten pensado o Goberno realizar algún tipo de actuación para mellorar o patio e as condicións desta escola?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta rotundamente que si. Xa antes de Semana Santa se reuniron cos pais que teñen aos nenos escolarizados alí para o vindeiro curso, estiveron ela e o Sr. alcalde, para comentarlles todas as actuacións que van levar a cabo nesa escola.

O motivo polo que o patio está dividido en dous é por seguridade. Agora mesmo non poden actuar na reitoral que está ao lado, que é da Igrexa, pero ten o balcón bastante deteriorado e os cristais están a punto de caer. Por seguridade fixeron un peche provisional. Están facendo as xestións coa Igrexa para que o solucione e para que o arranxe.

Tamén se lle está solicitando a Patrimonio que lles deixen poñer alí unha pequena cuberta, e incluso van facer algúns arranxos interiores, por exemplo van poñer un chan para que non sexa tan frío.

Explicóuselles todo aos pais e estiveron de acordo. Esa escola ten bastantes limitacións, pero a pesar delas os pais queren ter alí aos nenos, están satisfeitos con telos alí por proximidade. Conclúe dicindo que a actuación vaise facer no verán.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que eles están de acordo con que estea preto, pero polo que preguntaban é porque estea nas mellores condicións.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que as condicións son as que son, porque é unha escola na que non se poden abrir ventás, como lle dixo está protexida por Patrimonio. Dentro do que é, vaise facer unha boa actuación, vaise cambiar o chan, estívose reforzando a electricidade e, se Patrimonio llelo permite, van poñer un pequeno patio cuberto, e cando estea arranxado o da Igrexa volverán a poñer todo o patio enteiro, agora está así de maneira provisional, por seguridade.

3^a O pasado día 20 de febreiro, días despois de ter mantido, a proposta do voceiro do noso grupo, unha xuntanza coa concelleira de Benestar Social, presentamos por rexistro unha instancia na que solicitabamos se nos fixera chegar un informe detallado das visicitudes dos diferentes servizos que se prestan aos cidadáns dende da devandita concellería. Informe que recollera, entre outros datos, o grao de implantación, cobertura, obxectivos conseguidos, estado de execución do orzamento de cada partida e estimación e proxección económica e social para o presente exercicio 2014.

Transcorridos máis de dous meses da nosa petición, o noso grupo pregunta neste pleno polo contido do devandito informe, nomeadamente a información que ten que ver cos servizos e partida orzamentaria das axudas de emerxencia social.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que ela xuraría que xa lle dixera que podía pasar a recoller ese informe cando quixera pola concellería, pero como ve que lle pregunta xa lle fai dubidar.

Non obstante, o informe está feito dende o día 12 de marzo e pode pasar a recollelo cando queira, porque quería comentarlle unha serie de cousas persoalmente á parte do informe, que xa lle di que está feito dende o 12 de marzo. Ela estaba convencida de que xa lle dixera que podía pasar pola concellería cando quixera.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, sinala que na pregunta aparece claramente que na instancia solicitaban que se remitira ao seu grupo. Ela sabe como funciona o Rexistro, o funcionario sela a solicitude e indica a onde hai que remitirse, neste caso concreto pedían que se remitira ao grupo municipal socialista, ao local dos grupos municipais. En calquera caso di que lle agradece a deferencia e pasará a buscalo, se pode mañá pola mañá o recollerá.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2878 o día 21 de abril de 2014.

1^a Na senda peonil que se está a construír de Cela a Brexo-Lema, o tramo de beirarrúa que está na ponte da vía do tren queda demasiado escaso e con moito risco

para persoas con mobilidade reducida. Ten pensado o Goberno municipal algunha actuación na devandita beirarrúa para ampliála?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que si, o que pasa é que a empresa que estaba facendo a obra vai deixando esas cousiñas para o final e ao final hai uns días que pararon a obra. Di que estivo falando con Deputación para ver como resolver este e algún outro problema que hai máis adiante, e para a semana que vén quedaron de verse tanto coa empresa como co enxeñeiro xefe da obra da Deputación para ver ese problema e como xa dixo outros que hai máis cara a Lema, que reclaman algúns veciños.

El ben sabe como quedou, estivo a velo e iso dunha maneira ou doutra van resolvelo. Se a empresa polo que sexa non pode facelo, faríano eles coa brigada de Obras.

2ª No pleno de xaneiro de 2012 solicitamos ao Goberno municipal que realizara un estudo de todos os pasos de peóns no noso concello, tendo en conta a súa situación, iluminación, visibilidade, etc. e se nos remitise o devandito estudo, pasados máis de dous anos preguntamos se se fixo algo ao respecto.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o que ao mellor non fixeron, por despiste, non por non querer facelo, foi remitírllelo, pero si teñen un estudo de 2013 de todos os pasos do concello, un por un, feito pola Policía municipal coas súas suxestións, e non hai ningún problema en localizalo.

Agora ben, dille que é do 2013 e que agora xa hai algunhas desas cuestións que están resoltas, outras en vía de resolución, así que como queira, se quere que lles dea ese, dállelo mañá mesmo, se non, poden agardar un pouco a que lles fagan outro máis actualizado.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, pregunta se o novo tardará moito.

Don Manuel Marante Gómez contesta que ten que mandalo facer. Cre que moito non debían tardar porque xa teñen un previo do 2013 e sería corrixir as modificacións para actualizalo, non sería igual que facelo inicialmente.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez solicita que lles remita o informe do 2013.

Don Manuel Marante Gómez contesta que sen problema, que llelo pode enviar ou se queren poden pasar a recollelo, que el o martes e xoves de 10 a 12 está sempre. Calquera outro día poden chamalo por teléfono antes de vir, porque el vai estar polo concello.

A concelleira de UxC dille que pasará o martes.

3ª Na senda peonil do río Mero que vai dende A Barcala á Telva faltan metros da varanda de aceiro inoxidable, vemos que cada día que pasa faltan máis metros.

Que está a facer o Goberno local ao respecto?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que efectivamente falta a varanda e cada vez falta máis. Á parte de que a Policía está máis ou menos vixiante de que non pasen eses furtos, está tamén a Garda Civil indagando en todas as chatarreiras da zona, para ver se son capaces de localizar aos que andan roubando. Iso é o que levan un tempo facendo, dende que comezou a faltar, pero de momento sen éxito de localizar para onde a levan.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, pregunta se teñen pensado repoñela ou poñer unha doutro tipo.

Don Manuel Marante Gómez contesta que repoñer unha varanda de inox ten un custo importante. Deben pensar en que iso é da Confederación Hidrográfica, que non é do concello, polo que se é unha cousa pequena eles poden facela, pero iso vale un diñeiro e cre que cada quen debe asumir a responsabilidade que ten nas cousas.

O que eles están intentando é ver se son capaces de localizar aos delinquentes que se dedican a roubala.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, indica que o que poderían facer é poñerlle un valo, polo menos, porque por alí pasan moitos rapaces e moita xente en bicicleta que poden caer e directamente ir ao río, porque non hai absolutamente nada. É unha suxestión.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que mirarán de poñer uns valos de plástico.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2860 o día 16 de abril de 2014, xunto coas mocións e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Pode informarnos o Goberno en que fase se atopa a execución da memoria valorada consistente na mellora da seguridade viaria no punto quilométrico 4+430 da estrada AC-214 ao seu paso por Pravio?

O Sr. alcalde contesta que a pregunta é en que fase se atopa a execución, porque a memoria xa foi presentada na Xunta para mellorar a seguridade vial nese punto. El a vindeira semana vai ter unha reunión co xefe territorial da Xunta e vai saber que previsións teñen con este tema, non só con este, senón con outro anterior, non lembra agora o quilómetro pero presentaron a memoria valorada para facer tres actuacións dende o alto da Castellana ata os Catro Camiños. A iso é ao que quere que lle conteste a Xunta. A memoria xa foi presentada cre que no mes de setembro do ano pasado e están pendentes de que lles digan algo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a pregunta está moi clara, di a execución da memoria valorada. El o que ten que lamentar é que estean así transcorridos tres anos dende principios da lexislatura, por non dicir da anterior, que tamén na anterior moitísimas veces neste salón de plenos se falou desta actuación da que están falando agora. E tamén de toda a estrada dende Cambre ata Cecebre,

porque en toda esa estrada da Xunta non hai un paso de peóns, despois de Cambre si hai un.

El non sabe ata cando os veciños e veciñas de Pravio, nas inmediacións do cruceiro, teñen que estar arriscando a súa vida, non sabe ata cando. O Sr. alcalde a outra vez contestáralle que se ía facer esa actuación en concreto, cunha marquesiña e un paso de peóns, porque pasaba por aí todos os días e vía os pobres nenos o perigo que corrían.

A el de verdade que lle daría vergonza estar nun partido que está gobernando a Xunta de Galicia e que non se teña actuado nesa estrada, porque xa ao principio desta legislatura, e van tres anos, se ten solicitado en pleno esta actuación en Pravio. Pregunta que agardan, que haxa outro accidente con consecuencia de morte, como houbo nese lugar. Non poden agardar iso, teñen que actuar, como dixo antes o compañeiro Augusto. Hai que actuar. Ante un tema de seguridade hai que actuar, e sacar os cartos de baixo das pedras se fai falta, porque isto si que é preferente.

Antes dixo dunha maneira un tanto lixeira o Sr. Marante que se tiñan algún paso de peóns por aí que lle deran unha chamada por teléfono. O que lles di el é que por escrito teñen presentado este tema, iniciativas plenarias, non é que teñan feito unha chamada de teléfono para pedir que poñan un paso de peóns, non, as cousas veñen onde teñen que vir, para que consten en acta e para que o Goberno municipal llo traslade á Xunta de Galicia, que é a que ten competencia nesa estrada.

El cre que neste asunto o Sr. alcalde debería ser contundente e petarlles enriba da mesa aos seus compañeiros da Xunta de Galicia, porque non se pode consentir isto, que leven ano tras ano co tema da seguridade viaria. E non se vai referir ás demais estradas, xa o fixeron outros compañeiros, á Telva, N-550, á de Pravio, á de Guísamo, ao Temple, a moitísimas, todo isto é de urxente necesidade, polo tema da seguridade.

O Sr. alcalde manifesta que el está de acordo co Sr. Taibo en que é de urxente necesidade. El xa lle contestou a pregunta, pero o Sr. voceiro obrígalle a contestar, porque isto é unha pregunta e unha resposta, pero el sempre fai o mesmo, que é volver a facer máis preguntas, ou a acusalo, por iso el vai dar por finalizado o tema.

Cando o PP accedeu ao goberno, e diso vai facer tres anos, é certo que xa discutiron disto e que EU o presentou, pero dille que el non atopou ningunha memoria, nin sequera valorada, feita neste concello sobre as actuacións nesa estrada, nin nesa, nin na Xira, nin sequera en Cecebre, non encontrou ningunha memoria. Falábase dunha senda peonil, que se fixo co Goberno actual, non se fixo antes, e houbo que facela, estaba aprobada, de acordo, pero houbo que facela, pero non había unha memoria valorada, nin de pasos de peóns nin de nada.

Explica que cando el foi á Xunta a primeira vez a solicitar, sen memoria valorada e sen nada, os pasos de peóns, o que lle dixeron é que segundo a lexislación o primeiro que hai que ver é que se hai beirarrúa dun lado, ten que haber beirarrúa do outro, se non é así os pasos de peóns non se poden poñer.

El díxolles que entón que fixeran as beirarrúas, que despois poñerían os pasos de peóns. Para iso pedíronlle unha memoria valorada e eles, coas alternativas do Pleno, fixeron unha memoria valorada que o ano pasado, terminado o verán, el presentou na Xunta, con eses tres puntos, e que comentaron aquí no pleno.

Igual está o tema da senda peonil de Cecebre, leva con el dende o principio. O seu empeño é que na AC-221, dende o alto de Quintán ao Apeadeiro, se faga unha senda peonil. Pero aí atópase cun problema grave, que é o da cesión dos terreos, e terán que ir a un expediente de expropiación, pero irá.

Segue dicindo que el xa sabe que é urxente, e xa lle dixo que a vindeira semana ten a cita co xefe territorial para preguntarlle como vai o asunto deses pasos de peóns, porque para el son todos urxentes, pero o máis urxente é o que está diante do cemiterio de Pravio, nin máis nin menos. Non lle pode dicir máis, o de se lle dá vergonza dille que si, que se avergonza, pero a estrada non é del. Di que oxalá el puidera actuar, oxalá puidera cambiar incluso de sitio o cruceiro de Pravio, que xa llo propuxo a Patrimonio, movelo dous metros, nada máis. Está esperando e que non dubide que insiste niso.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a sinceridade do Sr. alcalde. Respecto do último que dixo, o do cruceiro de Pravio, el tamén está de acordo, pero non cos dous metros, a el pareceríalle o mellor metelo no adro da igrexa, porque con dous metros non se fai nada, pero ese é outro tema.

Tamén quere solicitar ao Sr. Marante que lle facilite o que lle acaban de pedir os compañeiros de UxC, o estudo que se fixo sobre os pasos de peóns pola Policía local.

Conclúe dicindo que, en canto ao que dixo o Sr. alcalde de que a Xunta no permitía facer un paso de peóns se non había dúas beirarrúas, pregunta que criterio ten a Xunta, se ten un criterio para Pravio e un distinto para Amil, porque en Amil si que hai un paso de peóns onde hai unha beirarrúa dun lado e do outro non hai.

O Sr. alcalde di que o sabe, pero o que non sabe é se ese paso de peóns o fixo a Xunta ou o fixo o Goberno municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, entón, ao mellor ten que facer o Goberno municipal o de Pravio.

2ª En varios puntos do Temple algún veciño de forma anónima ten instalado papeleiras en lugares nos que previsiblemente faltaron as orixinais e nunca máis se repuxeron. Nas propias papeleiras está escrita a queixa que quen as coloca fai. Concretamente na que se atopa nas inmediacións da pista de tenis di que leva dende 2010 sen repoñer e na da rúa Tapia fálase de tres anos.

Ten pensado o Goberno repoñer as papeleiras?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non, que alí o que habería que facer, ao mellor, é reordenar un pouco as que hai. Dende a entrada á rúa Constitución ata a Casa das Palmeiras, incluíndo a pista de tenis,

facendo o percorrido por atrás, hai sete papeleiras e un punto de contedores. Outra cousa é a distribución que teñen.

Parécelle que nun espazo máis curto que o Campo da Feira ter sete papeleiras e un punto de contedores é vacilar un pouquiño e tomar as cousas de broma. Por iso, el non vai repoñer esas papeleiras, o que si vai é a reordenar un pouco as que están postas, que son cousas distintas.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se van retirar as provisionais.

Don Manuel Marante Gómez contesta que el non sabe se retiralas, ao mellor se tiveran nome e apelidos, porque é moi fácil facer comedias e poñer esas cousas nos farois, pero hai moitas cousas máis por aí e non se vai meter neses temas, en todo caso, el non ten ningún interese en retiralas.

Dona M^a Olga Santos López pídelle que non lle tome a mal a pregunta, porque non vai con mala intención, aínda que non o crea. Dillo porque cando polo motivo que sexa, que ela pode asegurarlle que non saben quen puxo esas papeleiras, non hai nada escuro detrás desta pregunta, simplemente que cando aparece unha manifestación desas características, que ela pensa que como Goberno lles ten que parecer de gravidade, en principio é porque hai unha demanda detrás, non se sabe se dun veciño ou de varios. Por iso, se van permanecer as papeleiras aí, vai seguir habendo unha demanda non atendida.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el estalle dicindo que vai remodelar a posición das papeleiras que hai postas, pero que nun espazo máis pequeno que o Campo da Feira de Cambre, dende o semáforo ata abaixo, non hai ningún espazo onde haxa un sitio para tirar un papel cunha distancia superior a 50 metros, e hai sete papeleiras. Parécelle que todos poden demandar moitas cousas.

3^a Temos constancia de que se teñen presentado de xeito escrito a través do rexistro varias solicitudes para a colocación dun ou dous bancos na beirarrúa que se atopa en fronte do local sociocultural do Graxal. O motivo da dita petición é que en moitas ocasións, e con motivo de actividades ou actos que se realizan no dito local, hai persoas agardando fóra a que comece a actividade ou acto en cuestión e non hai ningún lugar onde poder sentarse.

Ten constancia o Goberno destas solicitudes e ten previsto instalar un banco ou bancos?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que teñen constancia das solicitudes, pero non tiña bancos para colocar. Agora pediuse unha partida que está chegando, para colocar bancos no Campo da Feira, colocar no parque infantil, e aí tamén se vai poñer un ou máis, na zona esa. Non obstante, a xustificación, dicir que é porque a xente que vai a calquera acto non ten onde sentarse, a el parécelle que a xente terá que ir á hora, que non vaia moito antes, ao que vai ao cine non lle poñen unhas butacas fóra para poder sentarse.

Di que o banco vai poñelo porque hai unha zona verde e está ben.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que cando lea a acta e vexa o que acaba de dicir vai darse conta.

Don Manuel Marante Gómez recoñece que ao mellor dixo algunha burrada, pero se o fixo tamén fai falta algo de humor no pleno, porque están bastante tensos.

O Sr. alcalde dille que é mellor que o escoite, porque así escoita o son da voz e rise outra vez.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2884 o día 21 de abril de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1^a Sobre as beirarrúas na rúa profesor Monasterio, que está a facer ou ten pensado facer o Goberno municipal?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, pregunta se se refire ao verdello que hai nunha das zonas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que a el uns veciños dixéronlle que o problema aí, entende que é relacionado con iso, era que as beirarrúas botan auga para dentro, en vez de botala para fóra.

Don Manuel Marante Gómez contesta que iso xa se resolveu nas dúas beirarrúas. A día de hoxe iso non debería pasar, porque puxeron unhas rexas para coller toda a auga e botala para as pluviais. Despois hai un problema de verdello en zonas sombrías, hai uns meses resolvérase unha delas, a da esquerda no sentido da circulación, e ao mesmo tempo púxose esa rexa da que acaba de falar todo ao longo, pegada ao edificio, porque do outro lado xa se puxera antes. Agora hai un pouco de verdello na parte de arriba, pero tan pronto como haxa un pouco de bo tempo intentarán eliminalo.

2^a Dispón o concello de información sobre algún proxecto de mellora da N-550?

O Sr. alcalde contesta que si, pero que depende a que altura. El soamente ten constancia dunha actuación que leva pendente moito tempo, que é a rotonda da Rocha.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que loxicamente refírese no termo municipal de Cambre. A maiores diso di que saíu unha información en prensa relativa a un programa do Ministerio de Fomento para arranxar a estrada. Loxicamente pregunta por iso.

O Sr. alcalde dille que é iso, e que están rematando de redactar o proxecto. Había un proxecto dunha rotonda a dous niveis no cruzamento da Rocha, iso neste momento, co orzamento que había era imposible de facer e por iso están rematando o proxecto

para facer unha rotonda pechada a un só nivel, que era o que dicían antes de poñer semáforos no punto quilométrico 11, que lle pediron aquí para os veciños do Pontido.

Sabe que posiblemente, polo que falou co director xeral de Estradas, as obras vaian comezar a finais do verán. Iso é o que lle pode informar porque non sabe máis. O proxecto non o ten, pero sabe que máis ou menos nesas datas comezarán as obras.

Antes de finalizar o pleno pide a palabra dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, para informar que mañá, ás 20:00 horas, no local sociocultural do Graxal van presentar “Historias de mulleres de Cambre”, que recolle todos os relatos que se realizaron nos centros escolares. Será o acto final onde se fará entrega aos rapaces gañadores. Invita a todos os grupos políticos, así como aos asistentes presentes no salón de sesións.

O Sr. alcalde lembra que o vindeiro luns está convocado un pleno extraordinario polo tema das votacións e, non habendo máis asuntos que tratar, levanta a sesión cando son as vinte e tres horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López